

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS
INFORME SOBRE A SITUACIÓN SOCIOLABORAL DE GALICIA. 2023



CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS
INFORME SOBRE A SITUACIÓN SOCIOLABORAL DE GALICIA. 2023

— CAPÍTULO 1 —

A ECONOMÍA GALEGA EN 2023



CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

EDITA: Consello Galego de Relacións
Laborais (CGRL)
Algalia de Abaixo, 24
Tel.: 981 541 601
Santiago de Compostela

ISSN: 2386-2866

MARÍA BASTIDA DOMÍNGUEZ

PROFESORA CONTRATADA DOUTORA NO DEPARTAMENTO
DE ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS E COMERCIALIZACIÓN
NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

SANTIAGO LAGO PEÑAS

CATEDRÁTICO DE ECONOMÍA APLICADA E DIRECTOR DO
GRUPO DE INVESTIGACIÓN GEN DA UNIVERSIDADE E VIGO

ALBERTO VAQUERO GARCÍA

PROFESOR TITULAR DE ECONOMÍA APLICADA E MEMBRO
DO GRUPO DE INVESTIGACIÓN GEN DA UNIVERSIDADE E VIGO

1.1. CONTORNA INTERNACIONAL E ESTATAL

1.1.1. CONTORNA INTERNACIONAL

CADRO 1.1. ECONOMÍA INTERNACIONAL: % DE VARIACIÓN DO PIB, IPC E TAXA DE PARO. 2013-2023

1.1.2. CONTORNA ESTATAL

CADRO 1.2. PORCENTAXES DE VARIACIÓN ANUAL DO PIB REAL(1). GALICIA E ESPAÑA. 2007-2023

CADRO 1.3. TAXA DE CRECEMENTO(1) DO PIB. POR CC.AA. 2022/2021

CADRO 1.4. PIB POR HABITANTE EN EUROS. POR CC.AA. 2022

CADRO 1.5. RELACIÓN DO PIB PER CÁPITA DAS CC.AA. RESPECTO DO ESTATAL. 2021-2022

CADRO 1.6.A.PIB POR HABITANTE (EN EUROS). GALICIA E ESPAÑA. 2008-2022 (1)

CADRO 1.6.B. PIB POR HABITANTE (EN EUROS). CC.AA. SOBRE ESPAÑA. 2022

CADRO 1.7. EVOLUCIÓN DO PIB POR HABITANTE(1). GALICIA/ UE. 2005-2022

CADRO 1.8. EVOLUCIÓN DO PIB POR HABITANTE(1). ESPAÑA/ UE. 2005-2022

CADRO 1.9. CONVERXENCIA COA UE (1). POR CC.AA. 2022. 2012-2022

1.2. CRECEMENTO ECONÓMICO GALEGO

1.2.1. A PERSPECTIVA DA DEMANDA

CADRO 1.10. PIB DE GALICIA. COMPOÑENTES DA DEMANDA. 2013-2023

CADRO 1.11. PIB DE GALICIA. COMPOÑENTES DA DEMANDA. POR TRIMESTRES. 2023

1.2.2. A PERSPECTIVA DA OFERTA

CADRO 1.12. PIB DE GALICIA. COMPOÑENTES DA OFERTA. 2013-2023

CADRO 1.13. PIB DE GALICIA. COMPOÑENTES DA OFERTA. POR TRIMESTRES. 2023

1.2.3. O PIB DAS PROVINCIAS GALEGAS

CADRO 1.14. PIB(*) A PREZOS DE MERCADO DAS PROVINCIAS GALEGAS. 2010-2021

1.2.4. AS CIFRAS DE EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS DE VACÚN DE ORIENTACIÓ N LEITEIRA

CADRO 1.15. PRODUCCIÓN DE LEITE(*). POR CC.AA. 2022

CADRO 1.16. PREZO DO LEITE. ABRIL 2024. POR CC.AA.

CADRO 1.17. PREZOS DO LEITE DECLARADOS POLOS COMPRADORES. GALICIA 2023. POR MESES

CADRO 1.18. PREZO DO LEITE EN GALICIA DECLARADO POLOS COMPRADORES EN 2023 (EUROS/100 LITRO SEN IVE)

1.3. VARIACIÓ NS DO PIB E DO EMPREGO: A PRODUTIVIDADE

1.3.1. BALANCE DO MERCADO DE TRABALLO

1.3.1.1. BALANCE DE INDICADORES LABORAIS A PARTIR DOS DATOS DA EPA

CADRO 1.19. BALANCE DO MERCADO DE TRABALLO. POR COMUNIDADES AUTÓ NOD MAS. 2023

1.3.1.2. BALANCE DE INDICADORES LABORAIS COS DATOS DAS CONTAS ECONÓMICAS DE GALICIA

CADRO 1.20. EMPREGO(*) SEGUNDO ACTIVIDA- DE ECONÓMICA. GALICIA. 2013-2023

CADRO 1.21. PORCENTAXE DE VARIACIÓ N INTERANUAL DO EMPREGO(*) SEGUNDO ACTIVIDADE. GALICIA. 2016-2023

CADRO 1.22. PORCENTAXE DE VARIACIÓ N INTERANUAL DO EMPREGO(*) SEGUNDO ACTIVIDADE. GALICIA. 2008-2023

CADRO 1.23. EMPREGO ASALARIADO(*) SEGUNDO ACTIVIDADE ECONÓMICA. GALICIA. 2013-2023

1.3.2. PRODUTIVIDADE DO TRABALLO E COMPETITIVIDADE EMPRESARIAL

CADRO 1.24. PRODUTIVIDADE APARENTE NOMINAL DO TRABALLO(*). 2012-2023

1.4. BENESTAR ECONÓMICO-SOCIAL: TAXAS DE POBREZA; ALTA DESIGUALDADE

1.4.1. DIFICULTADES ECONÓMICAS DOS FOGARES

CADRO 1.25. DIFICULTADES ECONÓMICAS DOS FOGARES. POR COMUNIDADES AUTÓ U NOMAS. 2023

1.4.2. INGRESOS MEDIOS POR PERSOA E POR FOGAR

CADRO 1.26. CLASIFICACIÓ N DAS CC.AA. DE MAIOR A MENOR INGRESO MEDIO ANUAL POR PERSOA. 2023

CADRO 1.27. EVOLUCIÓ N DOS INGRESOS MEDIOS ANUAIS POR FOGAR E POR PERSOA. ESPAÑA. 2010-2023

1.4.3. A POBOACIÓ N EN RISCO DE POBREZA

CADRO 1.28. CLASIFICACIÓ N DE MENOR A MAIOR TAXA DE POBREZA. POR CC.AA. 2023

CADRO 1.29. EVOLUCIÓ N DA TAXA DE POBREZA. GALICIA E ESPAÑA. 2008-2023

1.4.4. DISTRIBUCIÓ N DA RENDA

CADRO 1.30. POBOACIÓ N POR QUINTIL DE RENDA POR UNIDADE DE CONSUMO. POR COMUNIDADES AUTÓ NOMAS. 2023

1.5. PARTICIPACIÓ N DOS SALARIOS NO VEB. CUSTOS LABORAIS E SALARIAIS

1.5.1. PESO DAS REMUNERACIÓ NS SALARIAIS NO PIB DE GALICIA, ESPAÑA E A UE

CADRO 1.31. PORCENTAXE DA REMUNERACIÓ N DAS PERSOAS ASALARIADAS NO PIB. GALICIA. ESPAÑA E EUROPA. 2000-2022

1.5.2. CUSTOS LABORAIS. XORNADA LABORAL

CADRO 1.32. CUSTOS LABORAIS. POR COMUNIDADES AUTÓ NOMAS. CUARTO TRIMESTRE DO 2023

CADRO 1.33. CUSTOS SALARIAIS. POR COMU- NIDADES AUTÓ NOMAS. CUARTO TRIMESTRE DO 2023

CADRO 1.34. XORNADA LABORAL. POR COMUNIDADES AUTÓ NOMAS. CUARTO TRIMESTRE DO 2023

CADRO 1.35. VACANTES OU MOTIVOS POLOS QUE NON EXISTEN. POR COMUNIDADES AUTÓ NOMAS. CUARTO TRIMESTRE DE 2023

1.5.3. O SALARIO MÍNIMO INTERPROFE- SIONAL (SMI)

CADRO 1.36. SALARIO MÍNIMO INTERPRO- FESIONAL. ESPAÑA E OUTROS ESTADOS DA UE. 2023

CADRO 1.37. SALARIO MÍNIMO INTERPROFE- SIONAL. ESPAÑA. 2008-2024

1.6. A VARIACIÓ N DO IPC

CADRO 1.38.A. PORCENTAXE DE VARIACIÓ N DO IPC. GALICIA-ESPAÑA. 2006-2023

CADRO 1.38.B. PORCENTAXE DE VARIACIÓ N DO IPC. 2023

CADRO 1.39.A. INFLACIÓ N SUBXACENTE(*). GALICIA-ESPAÑA. 2009-2023

CADRO 1.39.B. INFLACIÓ N SUBXACENTE. 2023

CADRO 1.40.A. IPC POR GRUPOS DE GASTO. GALICIA. 2009-2023

CADRO 1.40.B. IPC POR GRUPOS DE GASTO. POR COMUNIDADES AUTÓ NOMAS. 2023

1.7. COMERCIO EXTERIOR

1.7.1. COMERCIO INTERNACIONAL GALEGO

CADRO 1.41. COMERCIO EXTERIOR DE GALICIA (E DISTRIBUCIÓ N PROVINCIAL). INDICADORES BÁSICOS. 2023

CADRO 1.42. COMERCIO EXTERIOR DE ESPAÑA. POR COMUNIDADES AUTÓ NOMAS. INDICADORES BÁSICOS. 2023

1.7.2. COMERCIO GALEGO CON OUTRAS COMUNIDADES AUTÓ NOMAS

CADRO 1.43. EXPORTACIÓ NS E IMPORTA- CIÓ NS DE BENS E SERVIZOS EN GALICIA. 2015-2023

CAPÍTULO 1. A ECONOMÍA GALEGA EN 2023

1.1. Contorna internacional e estatal

1.1.1. Contorna internacional

O obxectivo deste capítulo é analizar a situación da economía galega no ano 2023, dende unha dobre perspectiva: estatal e internacional. En 2023, tras os efectos da COVID-19 en 2020 e a posterior recuperación en 2021 e 2022, a economía segue en expansión, aínda que con menor intensidade.

No **cadro 1.1** figuran os índices de variación do PIB, as taxas de desemprego e os prezos en China, EE UU, os países da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE), a Unión Europea (UE) e Unión Económica e Monetaria (UEM) no período 2013-2023. No caso da UE, achéganse os datos dos catro Estados con maior PIB: Alemaña, Francia, Italia e España.

Despois do forte retroceso do PIB no ano 2020 tanto na OCDE (-4,2 %) coma na UE (-5,6 %), en 2021 o comportamento foi compensatorio, cun crecemento do 6,0% e o 5,4%, respectivamente. En 2022, o crecemento foi xa algo menor (2,9 % para a OCDE e 3,5% para a UE). En 2023, a taxa de crecemento foi normalizándose ata rexistrar un 1,7% nos países da OCDE. En España rexistrouse un aumento do PIB en 2023 do 2,5%, por riba do incremento experimentado en Reino Unido (0,1%), Italia (1,0%), Francia (0,9 %) e mesmo do de EE UU (2,5%). Só China (5,2%) recolle un incremento maior que España. En Alemaña rexistrouse un lixeiro descenso (-0,1%).

As taxas de desemprego pasaron do 6,2% en 2021 na OCDE ao 5,0 % en 2022 e 4,8% en 2023. Na UE foi do 7,0% en 2021 e do 6,2% en 2022 e 2023. En España o descenso foi do 14,8 % en 2021, ao 12,9% en 2022 e ao 12,1 % en 2023.

No que atinxe á variación porcentual de índice de prezos ao consumo (IPC), cabe salientar:

- O moi notable aumento do IPC (9,5% en 2022 e 6,9% en 2023) para o conxunto da OCDE e para a UE27 (9,2% e 6,4% en 2022 e 2023, respectivamente). Estes datos contrastan cos de 2021 (3,8% e 2,9%, respectivamente)
- O elevado incremento do IPC en España en 2022 (8,3%) contrasta co rexistrado para 2021 (3,0%). En 2023 o IPC recolle un mellor comportamento (3,4%) que en 2022, o que mostra una estabilización deste indicador.

CADRO 1.1. ECONOMÍA INTERNACIONAL: % DE VARIACIÓN DO PIB, IPC E TAXA DE PARO. 2013-2023

Período	OCDE	Unión Europea						Reino Unido	EEUU	China ⁽³⁾
		UE27	UEM	España	Alemania	Francia	Italia			
PIB ⁽¹⁾										
2013	1,7	-0,1	-0,2	-1,4	0,5	0,7	-1,9	1,8	2,1	7,8
2014	2,2	1,6	1,4	1,4	2,2	1,0	0,1	3,2	2,5	7,4
2015	2,5	2,3	1,9	3,8	1,2	1,0	0,6	2,2	2,9	7,0
2016	1,9	2,0	1,8	3,0	2,1	1,0	1,4	1,9	1,8	6,8
2017	2,8	2,8	2,8	3,0	3,0	2,5	1,7	2,7	2,5	6,9
2018	2,4	2,1	1,7	2,3	1,0	1,8	0,8	1,4	3,0	6,7
2019	1,8	1,8	1,6	2,0	1,1	1,9	0,5	1,6	2,5	6,0
2020	-4,2	-5,6	-6,2	-11,2	-4,2	-7,7	-9,0	-10,4	-2,2	2,2
2021	6,0	5,4	5,8	6,4	3,1	6,4	8,3	8,7	5,8	8,4
2022	3,0	3,5	3,5	5,8	1,9	2,5	4,1	4,3	1,9	3,0
2023	1,7		0,5	2,5	-0,1	0,9	1,0	0,1	2,5	5,2
Taxa desempleo										
2013	8,0	11,6	12,1	26,1	4,9	10,4	12,3	7,6	7,4	4,0
2014	7,5	11,0	11,7	24,4	4,7	10,3	12,7	6,2	6,2	3,6
2015	6,9	10,2	10,9	22,1	4,4	10,4	12,0	5,4	5,3	3,4
2016	6,5	9,3	10,1	19,6	3,9	10,1	11,7	4,9	4,9	3,1
2017	5,9	8,3	9,1	17,2	3,6	9,5	11,3	4,5	4,4	2,8
2018	5,5	7,4	8,2	15,3	3,2	9,1	10,6	4,2	3,9	2,4
2019	5,4	6,8	7,6	14,1	3,0	8,5	9,9	3,9	3,7	.
2020	7,2	7,2	7,9	15,5	3,7	8,1	9,3	4,7	8,1	.
2021	6,2	7,0	7,7	14,8	3,6	7,9	9,5	4,6	5,4	.
2022	5,0	6,2	6,7	12,9	3,1	7,3	8,1	3,9	3,6	.
2023	4,8	6,2	6,5	12,1	3,0	7,3	7,6	4,0	3,6	.
IPC ⁽²⁾										
2013	1,6	1,3	1,3	1,5	1,6	1,0	1,2	2,6	1,5	2,6
2014	1,7	0,4	0,4	-0,2	0,8	0,6	0,2	1,5	1,6	2,1
2015	0,8	0,1	0,2	-0,6	0,7	0,1	0,1	0,1	0,1	1,5
2016	1,1	0,2	0,2	-0,3	0,4	0,3	-0,1	0,6	1,3	2,1
2017	2,2	1,6	1,5	2,0	1,7	1,2	1,3	2,7	2,1	1,5
2018	2,6	1,8	1,8	1,7	1,9	2,1	1,2	2,5	2,4	1,9
2019	2,0	1,4	1,2	0,8	1,4	1,3	0,6	1,8	1,8	2,9
2020	1,3	0,7	0,3	-0,3	0,4	0,5	-0,1	0,9	1,2	2,5
2021	3,8	2,9	2,6	3,0	3,2	2,1	1,9	2,6	4,7	0,8
2022	9,5	9,2	8,4	8,3	8,7	5,9	8,7	9,1	8,0	1,9
2023	6,9	6,4	5,4	3,4	6,0	5,7	5,9	7,3	4,1	0,3

⁽¹⁾ En porcentaxe de variación interanual, a prezos constantes. ⁽²⁾ Índices harmonizados de prezos de consumo.
(-) Información non dispoñible.
Fonte: BCE, OCDE.

1.1.2. Contorna estatal

Os datos para 2023 da Contabilidade nacional para España do Instituto Nacional de Estatística (INE), e as estimacións que fai o Instituto Galego de Estatística (IGE) e que figuran no **cadro 1.2**, amosan que Galicia (1,8%) rexistrou un aumento menor do PIB ao experimentado a nivel nacional (2,5%). En 2023, o diferencial a favor da media nacional redúcese en 0,7 puntos porcentuais respecto a Galicia, cando en 2022 foi de 1,7 puntos porcentuais.

CADRO 1.2. PORCENTAXES DE VARIACIÓN ANUAL DO PIB REAL⁽¹⁾.
GALICIA E ESPAÑA. 2007-2023

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021 (P)	2022 (A)	2023 (A)
Galicia	4,7	1,1	-4,1	0,5	-2,3	-3,1	-0,8	1,2	2,8	3,4	2,0	3,0	1,1	-8,9	7,6	4,1	1,8
España	3,6	0,9	-3,8	0,2	-0,8	-3,0	-1,4	1,4	3,8	3,0	3,0	2,3	2,0	-11,3	6,1	5,8	2,5

A: Estimación Avance; P: Estimación Provisional.
Fonte: INE e IGE.

O **cadro 1.3** recolle as taxas de crecemento do PIB por CC.AA. para 2022 (último ano con datos publicados) da Contabilidade rexional de España. Galicia acada un incremento (4,2%) algo menor ao experimentado a nivel nacional (5,8%). As CC.AA. que sofren un aumento maior foron Baleares (12,5%) e Canarias (9,7%). Estremadura (2,1%), Castela-A Mancha (2,2%) e Castela e León (3,1%) son as tres CC.AA. que experimentan un menor incremento. Incluso as cidades autónomas de Ceuta e Melilla recollen un menor aumento (3,5 % en ambos casos).

CADRO 1.3. TAXA DE CRECEMENTO⁽¹⁾ DO PIB.
POR CC.AA. 2022/2021

	2022/2021
Andalucía	5,2
Aragón	3,8
Asturias	4,1
Baleares	12,5
Canarias	9,7
Cantabria	4,8
Castela e León	3,1
Castela-A Mancha	2,2
Cataluña	6,0
C. Valenciana	5,9
Estremadura	2,1
Galicia	4,2
Madrid	7,2
Murcia	4,0
Navarra	4,7
País Vasco	6,0
A Rioxa	5,5
Ceuta	3,5
Melilla	3,5
España	5,8

2022 (Avance) / 2021 (Provisional).
⁽¹⁾ En termos de volume.
Fonte: INE, Contabilidade rexional de España.

O **cadro 1.4** recolle os datos do PIB por habitante en todas as CC.AA:

- O PIB per cápita en 2023 foi en Galicia de 25.906 euros (2.407 euros máis que en 2021), por baixo da media estatal (28.162 euros), que recolle un aumento de 2.664 euros respecto a 2020. Nove CC.AA. superaron a Galicia neste indicador económico, mentres que sete quedaron por baixo. A clasificación relativa de Galicia en 2022 non mudou respecto a 2020 e 2021.
- Madrid (38.435 euros), País Vasco (35.832 euros), Navarra (33.798 euros) e Cataluña (32.550 euros) foron de novo as comunidades con maior PIB por habitante.
- Andalucía (21.091 euros), Estremadura (21.343) e Canarias (22.303) foron as CC.AA. cun PIB por habitante máis baixo. Nesta lista tamén hai que incluír a cidade autónoma de Melilla, con 20.698 euros.

CADRO 1.4. PIB POR HABITANTE EN EUROS.
POR CC.AA. 2022

	2022(A)
Madrid	38.435
País Vasco	35.832
Navarra	33.798
Cataluña	32.550
Aragón	31.051
Baleares	29.603
A Ríoxa	29.579
España	28.162
Castela e León	26.992
Cantabria	26.167
Galicia	25.906
Asturias	25.675
C. Valenciana	24.473
Murcia	23.197
Ceuta	23.073
Castela-A Mancha	22.574
Canarias	22.303
Estremadura	21.343
Andalucía	21.091
Melilla	20.698

(A) Avance.
Fonte: INE, Contabilidade rexional de España.

A posición relativa en PIB per cápita de cada comunidade e cidade autónoma, recollida no **cadro 1.5**, reflicte que no ano 2022:

- Galicia atópase aínda un 8,0% por baixo da media estatal, practicamente o mesmo resultado que en 2021.
- No nivel superior, Madrid superou nun 36,5% á media española e o País Vasco, nun 27,2%.
- As CC.AA. máis afastadas da media estatal son Andalucía (-25,1%), Estremadura (-24,2 %) e Canarias (-20,8%). A esta clasificación hai que engadir a cidade autónoma de Melilla (-26,5%).

CADRO 1.5. RELACIÓN DO PIB PER CÁPITA DAS CC.AA. RESPECTO DO ESTATAL.
2021-2022

	2021(P)	2022(A)
Madrid	37,1	36,5
País Vasco	26,9	27,2
Navarra	20,3	20,0
Cataluña	16,0	15,6
Aragón	11,1	10,3
Baleares	-1,5	5,1
A Ríoxa	4,6	5,0
Castela e León	-3,4	-4,2
Cantabria	-7,0	-7,1
Galicia	-8,1	-8,0
Asturias	-9,4	-8,8
C. Valenciana	-12,3	-13,1
Murcia	-16,7	-17,6
Ceuta	-17,7	-18,1
Castela-A Mancha	-19,1	-19,8
Canarias	-23,8	-20,8
Estremadura	-24,4	-24,2
Andalucía	-25,1	-25,1
Melilla	-27,1	-26,5

(A) Avance; (P) Provisional.
Fonte: INE, Contabilidade rexional de España.

ÍNDICE

A perspectiva estática do **cadro 1.5** complétase coa do **cadro 1.6a**, que recolle a evolución comparativa do PIB por habitante en Galicia e España no período 2008-2022; e coa do **cadro 1.6b** que recolle para 2022 a situación relativa de todas as CC.AA. Compróbase que:

- O PIB per cápita de Galicia no 2022 foi de 25.906 euros (un aumento de 2.407 euros respecto a 2021).
- En termos relativos, empeorou lixeiramente a converxencia do PIB de Galicia coa media estatal no último ano (92,0%) respecto a 2021 (92,2%).

CADRO 1.6.A. PIB POR HABITANTE (EN EUROS). GALICIA E ESPAÑA.
2008-2022⁽¹⁾

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
Galicia	21.145	20.333	20.481	20.121	19.513	19.601	19.801	20.806	21.479	22.341	23.129	23.795	21.730	23.499	25.906
% Galicia/España	87,6	88,2	88,9	88,4	88,5	89,5	89,1	89,6	89,5	89,4	89,8	90,0	92,0	92,2	92,0

⁽¹⁾ Datos definitivos ata 2019, provisionais en 2020 e avance en 2021.
Fonte: INE, Contabilidade rexional de España.

CADRO 1.6.B. PIB POR HABITANTE (EN EUROS).
CC.AA. SOBRE ESPAÑA. 2022

	2022(A)
Madrid	136,5
País Vasco	127,2
Navarra	120,0
Cataluña	115,6
Aragón	110,3
Baleares	105,1
A Rioxa	105,0
España	100,0
Castela e León	95,8
Cantabria	92,9
Galicia	92,0
Asturias	91,2
C. Valenciana	86,9
Murcia	82,4
Ceuta	81,9
Castela-A Mancha	80,2
Canarias	79,2
Estremadura	75,8
Andalucía	74,9
Melilla	73,50

(A) Avance.
Fonte: INE, Contabilidade rexional de España.

A dinámica do PIB por habitante en Galicia en comparanza coa media da UE é un indicador do proceso de converxencia. Ao fío da información fornecida no **cadro 1.7**, Galicia avanzou ininterrompidamente dende 2005 a 2009. Porén, o proceso de converxencia dese cuadrienio freou de súpeto coa Gran Recesión. A partir de 2015 a situación mellora de novo, ata situarse en 2019 no 82% do PIB da UE, pero en 2020, como consecuencia da pandemia, a porcentaxe caeu ata o 76,0%. Para 2021, a diverxencia entre Galicia e a media da UE diminuíu lixeiramente ata acadar o 77%. En 2022 foi do 79%, o que indica certa mellora.

CADRO 1.7. EVOLUCIÓN DO PIB POR HABITANTE⁽¹⁾.
GALICIA/ UE. 2005-2022

	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
%PIB Galicia/UE	85	89	90	89	89	86	82	80	81	81	82	82	83	82	82	76	77	79

⁽¹⁾ En paridade de poder adquisitivo. Media do PIB por habitante da UE27=100.
Fonte: Eurostat.

O **cadro 1.8** reflicte que:

- España avanzou no bienio 2006-2007 en porcentaxe do PIB por habitante respecto da media da UE, pero de 2008 a 2013 ampliouse cada ano a diverxencia entre ambos os valores. A partir de 2014 rexístrase certa mellora, pero en ningún caso supera o 93% respecto ao PIB da UE (2017).
- Os anos 2006 (cun 105%) e 2013 (cun 90,0%) marcan os niveis máximo e mínimo, respectivamente, da posición relativa de España na UE en PIB per cápita.
- En 2019 o indicador foi do 91,0%, un resultado idéntico ao obtido en 2018 e lixeiramente inferior (93%) ao resultado obtido en 2017. En 2020 e novamente polo efecto da pandemia, o indicador foi do 83,0%; en 2021 foi do 84%, e en 2022 foi do 86 %, o que recolle certa mellora respecto aos últimos anos, aínda que segue pensado o efecto da COVID-19.

CADRO 1.8. EVOLUCIÓN DO PIB POR HABITANTE⁽¹⁾.
ESPAÑA/ UE. 2005-2022

	%PIB España/UE
2005	103
2006	105
2007	104
2008	102
2009	101
2010	96
2011	93
2012	91
2013	90
2014	90
2015	91
2016	92
2017	93
2018	91
2019	91
2020	83
2021	84
2022	86

⁽¹⁾ En paridade de poder adquisitivo. Media do PIB por habitante da UE27=100.
Fonte: Eurostat.

Todas as CC.AA. experimentaron un retroceso na súa converxencia coa UE entre 2012 e 2022. O **cadro 1.9** recolle a variación en 2022 do PIB por persoa por CC.AA. Pódese salientar que:

- Galicia ocupa o décimo posto (79%), un resultado lixeiramente superior ao obtido en 2021 (77%).
- A comunidade galega experimentou unha variación negativa do 3% no seu PIB en comparación co da UE durante o período 2012-2022. Este descenso é menor en comparación coa media española, que rexistrou unha caída do 7% e situouse no 86% do PIB da UE. As comunidades autónomas que experimentaron as maiores caídas foron Navarra (-11%), País Vasco (-10%) e A Ríoxa (-10%). En contraste, Estremadura non rexistrou ningunha variación no seu PIB relativo á UE.
- Galicia, amosou unha das menores variacións negativas, situándose como a segunda comunidade autónoma con menor caída do PIB respecto á media da UE, só por detrás de Estremadura (0%) e por diante de Castela-A Mancha (-5%) e Murcia (-5%).
- Só tres CC.AA. superaron en 2021 a media da UE-27 en renda por habitante: Madrid (117%), País Vasco (109%) e Navarra (103%).

- As tres CC.AA. con maior distancia en 2022 respecto da media da UE-27 en PIB por habitante foron: Andalucía (64%), Estremadura (65%) e Canarias (68%).

CADRO 1.9. CONVERXENCIA COA UE⁽¹⁾.
POR CC.AA. 2022. 2012-2022

	% variación	% sobre PIB
	2012-2022	da UE en 2022
Madrid	-9	117
País Vasco	-10	109
Navarra	-11	103
Cataluña	-9	99
Aragón	-7	94
Baleares	-8	90
A Ríoxa	-10	90
España	-7	86
Castela e León	-5	82
Cantabria	-7	80
Galicia	-3	79
Asturias	-7	78
C. Valenciana	-7	74
Murcia	-5	71
Castela-A Mancha	-5	69
Canarias	-12	68
Estremadura	0	65
Andalucía	-6	64

⁽¹⁾ En porcentaxe sobre a media do PIB por habitante da UE=100. En paridade de poder adquisitivo.
Fonte: Eurostat.

1.2. CRECEMENTO ECONÓMICO GALEGO

Este epígrafe afonda no estudo do PIB de Galicia entre 2013-2022. En concreto, faise a análise dende as perspectivas da demanda e mais da oferta, desagregando as compoñentes internas.

1.2.1. A perspectiva da demanda

A perspectiva da demanda (**cadro 1.10**) revisa a información publicada polo Instituto Galego de Estatística (IGE) nas Contas económicas trimestrais. Despois da mellora dos resultados en 2021 e 2022, en 2023 obsérvase tamén un comportamento positivo en varias compoñentes da demanda: gasto en consumo final das AA.PP. (3,0%), exportacións de bens e servizos (1,5%) e gasto en consumo final dos fogares e institucións sen fins de lucro ao servizos dos fogares (0,5%). Pola contra, a formación bruta de capital (-0,7%) e as importacións de bens e servizos son as que recollen un decrecemento (-0,3 %). A demanda interna recolle un resultado positivo (0,8%).

CADRO 1.10. PIB DE GALICIA. COMPOÑENTES DA DEMANDA.
2013-2023

	Gasto en consumo final		Formación bruta de capital	Demanda Interna	Exportacións de bens e servizos	Importacións de bens e servizos
	Fogares e ISFLSF	AA. PP.				
2013	-2,8	-0,8	-12,1	-4,2	11,2	3,6
2014	-0,6	-1,2	6,6	0,4	-2,1	-3,3
2015	1,4	1,4	3,3	1,7	2,3	0,2
2016	1,9	1,5	0,9	1,7	5	1,6
2017	3,1	2,2	7,2	3,5	4,3	7,4
2018	0,9	1,2	7	2	5,4	3,3
2019	-2,2	1,4	3,9	-0,4	-0,1	-3,1
2020	-11,9	3,8	-10,5	-8,2	-4,5	-3,3
2021	8,7	2	7,8	6,8	11,3	10,2
2022	4,5	-4,1	0,7	1,8	0,4	-3,8
2023	0,5	3	-0,7	0,8	1,5	-0,3

Datos en porcentaxe de variación interanual corrixida de estacionalidade e calendario.
Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

O **cadro 1.11** permite unha análise máis polo miúdo das compoñentes da demanda. Dependendo da compoñente e do trimestre, as taxas mudan de signo. Para o derradeiro trimestre de 2023, o gasto en consumo final, tanto dos fogares coma institucións sen fins de lucro (0,5% e 3,6%, respectivamente), coma as exportacións e importacións de bens e servizos (1,8% e 0,7%, respectivamente) recollen un resultado positivo. Poren, a formación bruta de capital rexistra un lixeiro descenso (-0,2%). A demanda interna recolle un incremento do 1% durante este último trimestre de 2023.

A análise trimestral para o ano 2023 amosa que, a pesar das flutuacións no investimento (formación bruta de capital), a demanda interna mantivo un crecemento constante. As exportacións, aínda que con certa volatilidade, mostran unha recuperación no último trimestre. O incremento sostido no gasto das administracións públicas reflicte o papel activo do sector público na economía galega durante 2023, mentres que o gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF mantén un crecemento moderado pero constante.

CADRO 1.11. PIB DE GALICIA. COMPOÑENTES DA DEMANDA.
POR TRIMESTRES. 2023

	Gasto en consumo final		Formación bruta de capital	Demanda Interna	Exportacións de bens e servizos	Importacións de bens e servizos
	Fogares e ISFLSF	AA. PP.				
Primeiro trimestre	0,5	-0,2	0,5	0,3	5,9	1,0
Segundo trimestre	0,4	3,4	-0,8	0,8	1,5	0,3
Terceiro trimestre	0,6	5,1	-2,2	1,0	-3,1	-3,1
Cuarto trimestre	0,5	3,6	-0,2	1,0	1,8	0,7

Datos en porcentaxe de variación interanual corrixida de estacionalidade e calendario.
Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

1.2.2. A perspectiva da oferta

O **cadro 1.12** permite analizar a evolución dende a perspectiva da oferta para o período 2013-2023. En 2023, a industria (2,5%) e os servizos (2,3%), e máis timidamente a construción (0,8%), son os sectores que recollen incrementos. Pola contra, a agricultura, gandería, silvicultura e pesca (-0,9%) reflicte diminucións.

CADRO 1.12. PIB DE GALICIA. COMPOÑENTES DA OFERTA.
2013-2023

	Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	Industria	Construción	Servizos
2013	4,9	5,7	-9,1	-0,9
2014	3,3	0,3	-0,6	1,1
2015	1,8	0,7	3,4	2,9
2016	-0,3	6,3	5,1	2,8
2017	-1,5	2,7	4,8	2
2018	0,3	8,9	2,4	2,1
2019	6,3	-7	2,1	2,9
2020	-12,5	-13,1	-11,9	-6,9
2021	1,6	16,3	-4,4	7,4
2022	0,3	-1,5	-1	6,3
2023	-0,9	2,5	0,8	2,3

Datos en porcentaxe de variación interanual corrixida de estacionalidade e calendario.
Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

Esta información pode completarse coa análise temporal das compoñentes da oferta do PIB en Galicia en 2023. Como é habitual, o mellor comportamento prodúcese no segundo trimestre, con porcentaxes positivas en todos os sectores, especialmente en agricultura, gandería, silvicultura e pesca (2,6%). No derradeiro trimestre de 2023, a industria (3,7%) e os servizos (2,3%) recollen os maiores incrementos. Na construción o aumento e moi discreto (0,5%) e na agricultura, gandería, silvicultura e pesca, recóllese un importante descenso (-5,9%).

No seu conxunto, a análise trimestral para o ano 2023 amosa unha recuperación constante no sector industrial, especialmente notable no primeiro trimestre (7,1% de aumento). O sector dos servizos mantén un crecemento estable ao longo do ano. Por outra banda, a agricultura, gandería, silvicultura e pesca experimentaron notables flutuacións, cun importante descenso no cuarto trimestre. O sector da construción amosou unha tendencia máis moderada e estable, con incrementos en todos os trimestres excepto o terceiro.

CADRO 1.13. PIB DE GALICIA. COMPOÑENTES DA OFERTA.
POR TRIMESTRES. 2023

	Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca	Industria	Construción	Servizos
Primeiro trimestre	1,1	7,1	2,2	2,8
Segundo trimestre	2,6	1,2	1,1	1,9
Terceiro trimestre	-1,3	-1,8	-0,6	2,0
Cuarto trimestre	-5,9	3,7	0,5	2,3

Datos en porcentaxe de variación interanual corrixida de estacionalidade e calendario.
Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

1.2.3. O PIB das provincias galegas

Os últimos datos publicados polo INE por provincias son os correspondentes a 2021. No **cadro 1.14** preséntase a evolución do seu crecemento económico para o período 2010-2021.

Do PIB de Galicia no ano 2021 (63,8 miles de millóns de euros) as provincias atlánticas achegan un 77,3% do total. En concreto, a provincia da Coruña xerou un 42,8% e a de Pontevedra un 34,5% do PIB da comunidade galega. As provincias de Lugo (11,6%) e Ourense (11,1%) teñen un peso económico notablemente inferior, sumando entre as dúas menos xa da cuarta parte (22,7%) do PIB de Galicia.

CADRO 1.14. PIB^(*) A PREZOS DE MERCADO DAS PROVINCIAS GALEGAS.
2010-2021

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
2010	24.890.993	6.976.519	6.118.338	18.781.413
2011	24.341.648	6.977.378	6.170.267	18.278.698
2012	23.395.683	6.858.968	6.062.105	17.655.093
2013	23.362.265	6.892.503	5.937.373	17.733.253
2014	23.184.391	7.068.614	5.894.745	18.042.583
2015	24.422.145	7.433.567	6.059.605	18.751.282
2016	25.335.281	7.416.957	6.287.287	19.231.847
2017	26.009.714	7.410.760	6.494.652	20.482.770
2018	27.119.027	7.730.616	6.762.983	20.812.796
2019	27.718.066	7.763.915	7.100.820	21.637.314
2020	25.361.458	6.891.215	6.384.529	20.025.926
2021 (P)	27.347.965	7.395.362	7.104.228	21.988.329

(*) A prezos correntes.
(P): datos provisionais.
Fonte: INE, Contabilidade rexional de España.

1.2.4. As cifras de explotacións gandeiras de vacún de orientación leiteira

Unha das actividades máis salientables no sector agro-gandeiro en Galicia é a produción de leite. De aí a necesidade de tratar esta produción de xeito diferenciado. No **cadro 1.15** recóllese a distribución por CC.AA. da produción de leite de vaca para 2022 (ultimo ano dispoñible), a partir do Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA).

A produción de leite en Galicia no ano 2022 foi de 2.993 millóns de litros, o que representa o 40% do total producido en España (7.455 millóns de litros). Esta cifra destaca unha vez máis á comunidade galega como a principal rexión produtora de leite no país, superando amplamente a outras comunidades autónomas como Castela e León (930 millóns de litros) e Cataluña (749 millóns de litros).

CADRO 1.15. PRODUCCIÓN DE LEITE^(*).
POR CC.AA. 2022

Andalucía	565
Aragón	179
Asturias	553
Baleares	60
Canarias	53
Cantabria	427
Castela-A Mancha	284
Castela e León	930
Cataluña	749
Estremadura	19
Galicia	2.993
Madrid	56
Murcia	59
Navarra	251
País Vasco	173
A Ríoxa	27
C. Valenciana	77
España	7.455

^(*) En miles de toneladas métricas.
Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, Estadística láctea anual.

As oscilacións do prezo por litro de leite de vaca pagado ás explotacións leiteiras de Galicia teñen sempre unha importante repercusión na renda total e mais no emprego do subsector agro-gandeiro. O **cadro 1.16** presenta o prezo do litro do leite nas distintas CC.AA. en abril de 2024 (último dato dispoñible).

Malia o seu liderado no número de explotacións leiteiras (5.523), o prezo do leite en Galicia é o máis baixo de todas as comunidades autónomas, situándose en 0,463 euros por litro. Este prezo é considerablemente inferior ao de comunidades como Canarias (0,624 euros por litro) e Asturias (0,534 euros por litro), que presentan prezos un 35% e un 15% superiores aos do litro de leite en Galicia.

CADRO 1.16. PREZO DO LEITE.
ABRIL 2024. POR CC.AA.

	N ⁽¹⁾	Prezo ⁽²⁾
Andalucía	395	0,497
Aragón	36	0,510
Asturias	1.231	0,534
Baleares	93	0,473
Canarias	60	0,624
Cantabria	823	0,505
Castela-A Mancha	140	0,488
Castela e León	698	0,501
Cataluña	313	0,498
Estremadura	33	0,488
Galicia	5.523	0,463
Madrid	28	0,486
Murcia	18	0,493
Navarra	118	0,497
País Vasco	223	0,527
A Ríoxa	7	0,493
C. Valenciana	17	0,525

⁽¹⁾ N= número de explotacións lácteas incluídas neste estudo.
⁽²⁾ Prezo medio ponderado en euros por litro.
Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, Declaracións de entrega de leite cru.

ÍNDICE

Se, no canto dunha análise estática, analízase a evolución para 2023 do prezo do leite (calculado coa ponderación dos prezos declarados polos compradores) compróbase que Galicia rexistrou unha diminución intensa e continua dende abril ata agosto, como reflicte a columna “total estratos” do [cadro 1.17](#).

- Na media das explotacións de vacún de Galicia, o prezo do leite baixou moito en Galicia entre xuño a novembro, pasando dos 51,7 aos 49,2 céntimos por litro.
- Os menores prezos percibíronos as persoas propietarias das explotacións gandeiras de menor tamaño; as do estrato 6 (de 700.001 kg/ano ou máis) cobraron en decembro de 2023 un prezo (50,2 céntimos/litro) que superou en 0,7 céntimos/litro á media (58,7 céntimos/litro), mentres que nas de menor tamaño (cota láctea inferior a 100.000 kg/ano) o prezo (44,3 céntimos/litro) quedou 5,2 céntimos por baixo desa media.

CADRO 1.17. PREZOS DO LEITE DECLARADOS POLOS COMPRADORES.
GALICIA 2023. POR MESES

	Total estratos	Estrato 1	Estrato 2	Estrato 3	Estrato 4	Estrato 5	Estrato 6
Xaneiro	58,8	50,0	54,2	55,6	56,8	58,3	60,2
Febreiro	58,9	49,9	54,0	55,5	56,8	58,3	60,4
Marzo	58,5	49,6	53,6	55,0	56,3	57,7	60,0
Abril	53,4	45,6	49,1	50,2	51,6	52,8	54,7
Maio	52,3	45,4	48,7	49,9	50,9	52,0	53,3
Xuño	51,7	45,3	48,2	49,7	50,3	51,2	52,8
Xullo	51,3	44,8	47,7	48,9	49,5	50,7	52,4
Agosto	49,1	43,2	46,0	46,9	47,8	48,4	50,0
Setembro	48,9	43,3	46,1	46,9	47,8	48,3	49,7
Outubro	49,1	43,6	46,4	47,4	48,1	48,7	49,9
Novembro	49,2	44,1	46,9	48,0	48,6	49,1	49,8
Decembro	49,5	44,3	47,0	48,1	48,8	49,2	50,2

€/100 litros, sen IVE.
Estrato 1: Explotacións de vacún cota ata 100.000 kg de leite/ano. Estrato 2: entre 100.001 e 200.000 kg.
Estrato 3: entre 200.001 e 300.000 kg.
Estrato 4: entre 300.001 e 400.000 kg.
Estrato 5: entre 400.001 e 700.000 kg.
Estrato 6: maior de 700.001 kg de leite/ano.
Fonte: Fondo Galego de Garantía Agraria (FEGA).

Ao fío do [cadro 1.18](#) pódese salientar que o prezo medio percibido polo litro de leite en Galicia en decembro de 2023 foi de 49,51 céntimos (9,14 céntimos/litro menos que en 2022). Dos datos despréndese unha tendencia xeral de diminución dos prezos do leite ao longo do ano 2023 en Galicia, que afecta a todos os estratos de produción. Porén, os que teñen maior produción experimentan unha maior diminución porcentual nos prezos (16,7%) en comparación cos estratos de menor produción (11,4%).

CADRO 1.18. PREZO DO LEITE EN GALICIA DECLARADO POLOS COMPRADORES EN 2023 (EUROS/100 LITRO SEN IVE)

	Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xuñ	Xull	Ago	Set	Out	Nov	Dec
Estrato 1 <100.000	49,96	49,85	49,58	45,59	45,35	45,28	44,78	43,23	43,31	43,62	44,12	44,28
Estrato 2 100.001 - 200.000	54,15	54,01	53,55	49,12	48,71	48,16	47,7	45,95	46,06	46,37	46,94	47,02
Estrato 3 200.001 - 300.000	55,57	55,53	55	50,19	49,87	49,69	48,88	46,87	46,93	47,39	47,99	48,11
Estrato 4 300.001 - 400.000	56,79	56,82	56,33	51,58	50,87	50,31	49,47	47,77	47,84	48,08	48,55	48,8
Estrato 5 400.001 - 700.000	58,25	58,3	57,72	52,83	51,98	51,24	50,68	48,39	48,32	48,7	49,08	49,18
Estrato 6 >700.001	60,19	60,42	59,99	54,65	53,29	52,76	52,43	50	49,65	49,89	49,8	50,17
Prezo medio ponderado	58,81	58,94	58,48	53,36	52,25	51,73	51,33	49,06	48,86	49,12	49,24	49,51

NOTA 1: Os datos do último mes correspóndense á situación das declaracións realizadas polos compradores na aplicación LacDec a data 5 de febreiro de 2019.
NOTA 2: Os datos de tramos de produción a partir de abril de 2015 non están referenciados á cota láctea; para determinar o tramo que lle corresponde a cada produtor, estímase a súa produción anual con base na seguinte estacionalidade mensual: estacionalidade da produción de leite en Galicia (peso relativo medio de cada mes nos últimos 11 anos): xan: 8,3%; feb: 7,7%; mar: 8,7%; abr: 8,5%; mai: 8,9%; xun: 8,5%; xul: 8,6%; ago: 8,4%; set: 7,9%; out: 8,2%; nov: 7,9%; dec: 8,4%
Fonte: Fondo Galego de Garantía Agraria (FEGA).

1.3. VARIACIÓNS DO PIB E DO EMPREGO: A PRODUTIVIDADE

O obxectivo deste apartado é realizar unha análise do estado actual e mais da evolución nos últimos anos da produtividade do factor traballo na economía galega, en termos comparados coa media estatal.

1.3.1. Balance do mercado de traballo

A análise pivota sobre dúas fontes de datos: a Enquisa de poboación activa (EPA) do INE, e as Contas económicas de Galicia do IGE.

1.3.1.1. Balance de indicadores laborais a partir dos datos da EPA

O **cadro 1.19** representa a evolución de sete variables laborais (poboación activa, ocupada, asalariada, desempregada e as taxas de actividade, ocupación e paro), co obxecto de avaliar a traxectoria do mercado de traballo de Galicia en 2023.

- A taxa de actividade en Galicia en 2023 (53,0%) foi a mesma que en 2022, a taxa de ocupación (47,8%) 0,6 puntos superior á de 2022, e a taxa de paro (9,7%) 1,3 puntos por baixo da de 2022.
- A taxa de actividade de Galicia en 2023 foi 5,9 puntos porcentuais inferior a media nacional (58,9%); a de ocupación foi 3,8 puntos porcentuais menor que a media nacional (51,7%); e a de paro foi 2,5 puntos porcentuais inferior a media nacional (12,2%).
- Galicia ten unha posición mellor na taxa de paro en comparación coas taxas de actividade e ocupación, situándose na 6ª posición para a taxa de paro, pero ocupa posicións máis baixas na taxa de actividade (18ª) e ocupación (14ª).

CADRO 1.19. BALANCE DO MERCADO DE TRABALLO.
POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2023

	Poboación activa	Poboación ocupada	Poboación asalariada	Poboación desempregada	Taxa de actividade	Taxa de ocupación	Taxa de paro
	Miles de persoas				Porcentaxe		
Andalucía	4.138,9	3.383,9	2.831,8	755,0	57,3	46,8	18,2
Aragón	668,7	611,3	526,0	57,4	58,6	53,6	8,6
Asturias	446,7	392,5	321,5	54,2	50,1	44,0	12,1
Baleares	657,4	589,6	494,7	67,9	63,6	57,0	10,5
Canarias	1.154,0	968,4	830,3	185,6	59,8	50,2	16,1
Cantabria	277,5	254,9	214,0	22,6	54,8	50,4	8,1
Castela e León	1.119,8	1.011,4	835,4	108,5	54,0	48,8	9,7
Castela-A Mancha	1.031,4	895,1	752,4	136,3	58,6	50,8	13,2
Cataluña	4.119,0	3.734,5	3.177,5	384,5	61,5	55,8	9,3
C. Valenciana	2.642,3	2.304,1	1.930,9	338,1	59,2	51,6	12,8
Extremadura	502,5	415,3	342,5	87,3	55,7	46,0	17,4
Galicia	1.250,0	1.128,6	918,5	121,5	53,0	47,8	9,7
Madrid	3.696,1	3.328,2	2.937,8	367,9	63,2	57,0	10,0
Murcia	766,6	668,6	564,9	98,0	59,6	52,0	12,8
Navarra	331,7	298,7	252,6	33,0	58,8	52,9	9,9
País Vasco	1.079,1	995,7	862,6	83,4	56,9	52,5	7,7
A Rioxa	161,8	146,6	121,8	15,2	59,0	53,4	9,4
Ceuta	39,9	27,9	24,3	12,0	61,9	43,4	30,0
Melilla	36,7	26,9	23,9	9,8	55,6	40,8	26,6
España	24.119,7	21.182,2	17.963,0	2.937,5	58,9	51,7	12,2

Datos en medias anuais.
Fonte: INE, Enquisa de poboación activa.

1.3.1.2. Balance de indicadores laborais cos datos das Contas económicas de Galicia

A segunda aproximación da análise da evolución do mercado de traballo de Galicia farase a partir da estatística das Contas económicas trimestrais sobre postos de traballo equivalentes a tempo completo; o que permite aproximar mellor á variación do emprego neto de Galicia. No **cadro 1.20** recóllense os datos durante o período 2013-2023, por sectores e ramas:

- En medias anuais, a poboación ocupada de Galicia aumentou en 2023 respecto a 2022 en 19.989 persoas (en 2022 incrementárase en 20.288).
- O aumento dos postos de traballo en 2023 rexistrouse especialmente no sector servizos (14.890) e, en menor medida, na construción (1.941) e na industria (2.478). En agricultura, gandería, silvicultura e pesca o incremento é moi pequeno (679 persoas), reducíndose no sector de servizos non de mercado (-530).

ÍNDICE

- En termos relativos, o emprego en Galicia medrou en 2023 en comparación con 2022, cunha suba total da poboación ocupada próxima ao 2%. A industria e a construción tiveron incrementos de 1,7% e 2,6%, respectivamente. O sector servizos tamén experimentou un crecemento notable superior ao 2%, especialmente en actividades profesionais (4,5%) e información e comunicacións (3,6%). Pola contra, houbo unha lixeira diminución no emprego en servizos non de mercado (-0,3%) e nas actividades financeiras e de seguros (-2%).

CADRO 1.20. EMPREGO^(*) SEGUNDO ACTIVIDADE ECONÓMICA.
GALICIA. 2013-2023

	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
TOTAL POBOACIÓN OCUPADA	956.961	940.518	950.736	969.142	992.100	1.004.788	1.031.861	944.804	1.003.843	1.024.131	1.044.120
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	73.502	67.575	65.129	68.750	74.882	73.818	70.369	65.543	69.046	69.759	70.438
Industria	137.640	133.962	134.861	139.061	142.138	146.895	148.565	138.487	145.119	146.963	149.441
Construción	71.624	70.223	73.280	70.944	70.440	73.735	78.592	69.673	74.328	76.020	77.961
Servizos	674.195	668.758	677.466	690.387	704.640	710.340	734.335	671.101	715.350	731.390	746.280
-Comercio, transporte e hostalaría	277.856	268.931	269.308	271.998	283.282	283.878	290.396	246.621	272.047	285.492	288.055
-Información e comunicacións	14.652	15.114	16.207	17.221	18.376	19.143	19.469	19.724	21.478	22.617	23.427
-Actividades financeiras e de seguros	19.469	18.339	16.221	18.075	17.040	16.911	16.455	16.574	16.376	15.135	14.835
-Actividades inmobiliarias	6.131	6.593	7.005	6.893	7.141	7.550	7.884	7.197	7.949	8.263	8.453
-Actividades profesionais	87.262	87.345	86.351	93.492	97.741	102.305	108.069	97.174	101.840	103.399	108.093
-Administración pública (saúde e educación)	197.187	199.897	207.531	205.369	207.059	207.562	215.320	217.803	222.473	221.315	225.907
-Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	71.638	72.539	74.843	77.339	74.001	72.991	76.742	66.008	73.187	75.167	77.510
Servizos non de mercado	161.920	161.109	162.096	160.395	159.535	158.343	160.482	166.648	168.029	164.658	164.128

(*) En postos de traballo equivalentes a tempo completo.
Os datos están corrixidos de efectos estacionais e de calendario.
Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

O **cadro 1.21** recolle, cunha estrutura semellante á do cadro anterior, as porcentaxes de variación ano a ano do emprego, medidas en postos de traballo equivalentes a tempo completo. Nel salienta que os maiores incrementos producíronse no terceiro trimestre de 2023, cun aumento global do 2,4 %, sendo especialmente significativo o aumento do sector da construción (3,2%) e no sector servizos (2,8%). En contraste, o sector de actividades financeiras e de seguros sufriu unha diminución notable. A variación no sector de servizos non de mercado foi negativa no conxunto anual, aínda que se rexistraron lixeiros incrementos no último trimestre do ano.

CADRO 1.21. PORCENTAXE DE VARIACIÓN INTERANUAL DO EMPREGO^(*) SEGUNDO ACTIVIDADE.
GALICIA. 2016-2023

	En medias anuais							Datos trimestrais			
	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023/I	2023/II	2023/III	2023/IV
TOTAL POBOACIÓN OCUPADA	1,9	2,4	1,3	2,7	-8,4	6,2	2,0	1,6	2,1	2,4	1,6
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	5,6	8,9	-1,4	-4,7	-6,9	5,3	1,0	1,7	4,6	0,1	-2,2
Industria	3,1	2,2	3,3	1,1	-6,8	4,8	1,3	2,1	1,8	1,5	1,4
Construción	-3,2	-0,7	4,7	6,6	-11,3	6,7	2,3	2,8	2,4	3,2	1,8
Servizos	1,9	2,1	0,8	3,4	-8,6	6,6	2,2	1,4	1,9	2,8	2,0
-Comercio, transporte e hostalaría	1,0	4,1	0,2	2,3	-15,1	10,3	4,9	0,5	1,3	1,3	0,5
-Información e comunicacións	6,3	6,7	4,2	1,7	1,3	8,9	5,3	4,2	3,1	3,4	3,6
-Actividades financeiras e de seguros	11,4	-5,7	-0,8	-2,7	0,7	-1,2	-7,6	-2,5	-2,6	-3,6	0,8
-Actividades inmobiliarias	-1,6	3,6	5,7	4,4	-8,7	10,4	4,0	1,5	1,9	2,4	3,3
-Actividades profesionais	8,3	4,5	4,7	5,6	-10,1	4,8	1,5	3,0	3,7	5,8	5,6
-Administración pública (saúde e educación)	-1,0	0,8	0,2	3,7	1,2	2,1	-0,5	1,5	1,7	2,7	2,5
-Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	3,3	-4,3	-1,4	5,1	-14,0	10,9	2,7	2,4	3,3	5,5	1,3
Servizos non de mercado	-1,0	-0,5	-0,7	1,4	3,8	0,8	-2,0	-1,0	-0,6	0,3	0,1

(*) En postos de traballo equivalentes a tempo completo.
Os datos están corrixidos de efectos estacionais e de calendario.
Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

A evolución do emprego neto en Galicia dende 2008, medido en postos de traballo equivalentes, preséntase no **cadro 1.22**, que reflicte nitidamente a grande intensidade da destrución da ocupación en Galicia durante a crise de 2007. A partir de 2015 rexístrase una recuperación do emprego, que se foi reducindo de intensidade ata 2019. En 2020, produciuse unha importante caída polos efectos económicos da COVID-19, que implicou unha redución do 8,3%. En 2021 xa se rexistran porcentaxes de variacións interanuais positivas. En 2022 e 2023 recóllese un aumento do 2,0%. Neste último ano, os aumentos máis salientables danse na construción (2,6%), servizos (2,0%) e industria (1,7%).

A agricultura e os servizos non de mercado experimentaron un crecemento máis moderado de +1,0% e unha lixeira diminución de -0,3%, respectivamente. A evolución trimestral destaca un forte crecemento no segundo e terceiro trimestre en total poboación ocupada e varios sectores, aínda que o cuarto trimestre mostrou unha desaceleración en comparación cos anteriores, especialmente na industria.

CADRO 1.22. PORCENTAXE DE VARIACIÓN INTERANUAL DO EMPREGO⁽¹⁾ SEGUNDO ACTIVIDADE.
GALICIA. 2008-2023

	Total poboación ocupada	Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	Industria	Construción	Servizos	Servizos non de mercado
2008	-0,3	-6,0	-0,8	-5,7	1,6	2,7
2009	-5,7	-3,4	-10,1	-11,2	-3,8	1,9
2010	-3,4	-2,1	-4,2	-9,5	-2,2	-1,6
2011	-4,0	-2,9	-5,1	-15,6	-2,0	-4,1
2012	-5,1	-3,8	-7,5	-17,6	-2,9	-3,6
2013	-2,3	-4,0	-3,6	-10,7	-0,9	0,0
2014	-1,7	-8,1	-2,7	-2,0	-0,8	-0,5
2015	1,1	-3,6	0,7	4,4	1,3	0,6
2016	1,9	5,6	3,1	-3,2	1,9	-1,0
2017	2,4	8,9	2,2	-0,7	2,1	-0,5
2018	1,3	-1,4	3,3	4,7	0,8	-0,7
2019	2,7	-4,7	1,1	6,6	3,4	1,4
2020	-8,4	-6,9	-6,8	-11,3	-8,6	3,8
2021	6,2	5,3	4,8	6,7	6,6	0,8
2022	2,0	1,0	1,3	2,3	2,2	-2,0
2023	2,0	1,0	1,7	2,6	2,0	-0,3
2023/I	1,6	1,7	2,1	2,8	1,4	-1,0
2023/II	2,1	4,6	1,8	2,4	1,9	-0,6
2023/III	2,4	0,1	1,5	3,2	2,8	0,3
2023/IV	1,6	-2,2	1,4	1,8	2,0	0,1

⁽¹⁾ En postos de traballo equivalentes a tempo completo.
Os datos están corrixidos de efectos estacionais e de calendario.
Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

O **cadro 1.23** permite afondar no estudo da principal compoñente da poboación ocupada de Galicia para o período 2013-2023, cuxos movementos recollen as tendencias por sectores previamente comentadas. Así, no período 2022-2023, o emprego asalariado en Galicia incrementouse nun 2,4%, destacando o do sector da construción cun crecemento do 3,6% e as actividades profesionais cun crecemento do 5,2%. Pola contra, as actividades financeiras e de seguros experimentaron unha diminución superior ao 4%. A maioría dos sectores de servizos presentaron crecemento no seu persoal asalariado, mentres que os servizos non de mercado tiveron unha lixeira diminución do 0,3%.

CADRO 1.23. EMPREGO ASALARIADO(*) SEGUNDO ACTIVIDADE ECONÓMICA.
GALICIA. 2013-2023

	2013	2014	2015	2016	2017	2018
TOTAL POBOACIÓN OCUPADA	791.827	785.136	796.237	811.555	833.266	848.520
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	24.860	25.662	26.063	26.778	28.394	31.163
Industria	131.891	128.296	129.206	133.348	136.300	141.147
Construción	57.660	56.158	58.603	56.679	56.337	59.735
Servizos	577.416	575.020	582.365	594.750	612.235	616.475
-Comercio, transporte e hostalaría	218.289	213.404	214.889	218.704	230.991	233.220
-Información e comunicacións	13.953	14.481	15.229	16.357	17.446	18.086
-Actividades financeiras e de seguros	16.445	15.163	12.992	14.875	14.122	13.706
-Actividades inmobiliarias	5.466	5.905	6.338	6.210	6.442	6.785
-Actividades profesionais	73.523	73.953	72.420	78.791	82.877	86.737
-Administración pública (sanidade e educación)	192.218	194.306	201.137	198.664	201.268	201.569
-Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	57.522	57.808	59.360	61.149	59.089	56.372
Servizos non de mercado	161.920	161.109	162.096	160.395	159.535	158.343

	2019	2020	2021	2022	2023
TOTAL POBOACIÓN OCUPADA	870.208	804.281	852.445	877.925	899.314
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	28.843	26.968	31.340	33.035	33.760
Industria	142.755	133.564	139.695	141.643	144.653
Construción	64.025	57.137	59.571	61.030	63.250
Servizos	634.585	586.612	621.839	642.217	657.650
-Comercio, transporte e hostalaría	238.033	203.145	223.012	239.556	245.212
-Información e comunicacións	18.354	18.609	20.219	21.262	21.941
-Actividades financeiras e de seguros	13.310	13.359	12.938	11.897	11.357
-Actividades inmobiliarias	7.078	6.339	7.063	7.376	7.573
-Actividades profesionais	90.576	81.442	85.235	88.186	92.752
-Administración pública (sanidade e educación)	207.329	212.012	216.764	215.797	219.343
-Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	59.905	51.706	56.608	58.143	59.472
Servizos non de mercado	160.482	166.648	168.029	164.658	164.128

(*) En postos de traballo equivalentes a tempo completo.
Os datos están corrixidos de efectos estacionais e de calendario.
Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

1.3.2. Produtividade do traballo e competitividade empresarial

O **cadro 1.24** amosa a produtividade aparente nominal do traballo para Galicia, no período 2012-2023. Este indicador amosou unha tendencia xeral de crecemento ao longo da última década, con aumentos máis pronunciados nos anos recentes. Este crecemento reflicte unha mellora continua na eficiencia do traballo en Galicia, rexistrándose os maiores incrementos en 2022 (6,8%) e 2023 (5,2%), ata chegar aos 72.645 euros, 3.584 postos de traballo equivalente a tempo completo máis respecto a 2022.

CADRO 1.24. PRODUTIVIDADE APARENTE NOMINAL DO TRABALLO(*).
2012-2023

	Produtividade	Variación interanual
2012	54.542	1,3
2013	55.618	2,0
2014	57.207	2,9
2015	58.379	2,0
2016	59.389	1,7
2017	59.894	0,9
2018	61.838	3,2
2019	61.789	-0,1
2020	62.001	0,3
2021	64.683	4,3
2022	69.061	6,8
2023	72.645	5,2

(*) En postos de traballo equivalentes a tempo completo.
Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

1.4. BENESTAR ECONÓMICO-SOCIAL: TAXAS DE POBREZA; ALTA DESIGUALDADE

1.4.1. Dificultades económicas dos fogares

A Enquisa de condicións de vida (ECV) realizada polo INE estima a nivel rexional as dificultades económicas dos fogares en 2023 (último dato dispoñible), cuantificándoas polos catro criterios que recolle o **cadro 1.25**. Cabe salientar o seguinte:

- Un 38,4 % dos fogares de Galicia non podían permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano fóra da súa casa (5,9 puntos porcentuais máis que a media estatal), situándose entre as comunidades autónomas

con maiores dificultades para permitirse este período vacacional. Unicamente catro CC.AA. (Andalucía, Murcia, Estremadura e Canarias) tiveron unha porcentaxe de fogares nesta situación superior aos galegos, mentres que as menores porcentaxes rexistráronas as CC.AA. de País Vasco, Madrid e Navarra.

- Un 30,4% dos fogares galegos consideraron que non tiñan capacidade económica para facerlle fronte a gastos imprevistos (5,8 puntos porcentuais menos que a media española). As maiores porcentaxes tivéronas as CC.AA. de Canarias (52,7%) e a cidade autónoma de Ceuta (51,8%), mentres que as máis baixas corresponden ao País Vasco (21,4%) e Navarra (26,1%).
- Un 6,7% dos fogares de Galicia afrontaron retrasos nos pagos relacionados coa súa vivenda principal (3,3 puntos porcentuais por baixo da media española), sendo a segunda que menos retrasos recolle despois de Cantabria. Neste apartado, as cidades autónomas de Ceuta (26,4%) e Melilla (18,0%) e as CC.AA. de Canarias (15,8%) e Murcia (12,5%) rexistraron as maiores porcentaxes de fogares que recoñecen retrasos.
- Un 9,6% dos fogares galegos tiveron moita dificultade para chegar a fin de mes (0,7 puntos porcentuais por riba da media española). Novamente, son as cidades autónomas de Ceuta e Melilla, xunto coas CC.AA. de Andalucía, Estremadura e Canarias as que rexistran as maiores porcentaxes de fogares nesta situación, mentres que as menores rexistráronse no País Vasco e A Ríoxa.

CADRO 1.25. DIFICULTADES ECONÓMICAS DOS FOGARES.
POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2023

	Non pode permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano	Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos	Retrasos nos pagos relacionados coa vivenda principal	Moita dificultade para chegar a fin de mes
Andalucía	43,3	46,3	11,6	12,5
Aragón	25,5	29,0	8,1	8,2
Asturias	28,8	28,2	7,3	5,9
Baleares	28,4	35,3	11,9	7,2
Canarias	39,8	52,7	15,8	10,0
Cantabria	32,9	28,0	6,5	7,2
Castela e León	29,9	26,3	7,4	8,1
Castela-A Mancha	33,5	37,0	8,4	9,2
Cataluña	29,3	34,3	10,3	8,6
C. Valenciana	36,3	37,8	9,8	7,1
Estremadura	40,1	42,2	9,7	10,7
Galicia	38,4	30,4	6,7	9,6
Madrid	20,8	31,8	9,6	8,3
Murcia	42,8	45,7	12,5	8,7
Navarra	22,6	26,1	9,1	5,7
País Vasco	18,8	21,4	7,6	5,6
A Ríoxa	27,1	27,3	7,9	5,1
Ceuta	36,5	51,8	26,4	18,1
Melilla	29,5	44,3	18,0	11,2
España	32,5	36,2	10,0	8,9

Datos en porcentaxe.
Fonte: INE, Enquisa de condicións de vida (ECV).

1.4.2. Ingresos medios por persoa e por fogar

Na última Enquisa de condicións de vida (ECV) con información para 2023 estímase en 13.147 euros os ingresos medios anuais netos por persoa en Galicia, fronte a unha media de 14.082 no conxunto de España. Salienta a seguinte información do **cadro 1.26**:

- Galicia sitúase un 6% por debaixo da media nacional, cunha renda media anual inferior en 935 euros. Isto coloca a Galicia na 14ª posición entre as comunidades autónomas, superada por comunidades como Cantabria, Aragón, e Castela e León.
- As CC.AA. cos maiores niveis per cápita foron, por este orde, País Vasco, Madrid, Navarra e Cataluña, mentres que os menores tivéronos as CC.AA. de Murcia, Estremadura, Andalucía e Castela-A Mancha. As comunidades con maior renda (País Vasco, Madrid, e Navarra) teñen ingresos medios anuais un 38,3%, 24%, e 21,7% superiores aos de Galicia, respectivamente.

CADRO 1.26. CLASIFICACIÓN DAS CC.AA. DE MAIOR A MENOR INGRESO MEDIO ANUAL POR PERSOA.
2023

	Renda media por persoa
País Vasco	18.189
Madrid	16.817
Navarra	16.599
Cataluña	15.830
Asturias	15.432
Aragón	14.810
A Ríoxa	14.184
Cantabria	14.162
Baleares	14.139
Castela e León	14.124
España	14.082
Melilla	13.854
Ceuta	13.421
Galicia	13.147
C. Valenciana	12.805
Canarias	12.177
Castela-A Mancha	11.913
Andalucía	11.719
Estremadura	11.363
Murcia	11.314

Fonte: INE, Enquisa de condicións de vida (ECV).

A análise dos ingresos medios anuais netos por fogar en España entre 2010 e 2023 ([cadro 1.27](#)) permite comprobar que a evolución foi decrecente dende 2010 a 2015, e tras a mellora producida en 2016, acada en 2023 o 117,5% respecto do primeiro ano. Pola súa banda, os ingresos medios anuais netos por persoa no conxunto do Estado español aumentaron nun 124,8% dende 2010 a 2023.

Similar aos ingresos por fogar, os ingresos por persoa diminuíron entre 2010 e 2013, alcanzando un mínimo de 10,391 euros en 2014. A partir de 2014, os ingresos comezaron a recuperarse, con aumentos anuais constantes, excepto por unha leve caída entre 2020 e 2021. O maior aumento anual foi entre 2022 e 2023, onde os ingresos por persoa aumentaron de 13.008 euros a 14.082 euros, un incremento do 8,3%.

CADRO 1.27. EVOLUCIÓN DOS INGRESOS MEDIOS ANUAIS POR FOGAR E POR PERSOA.
ESPAÑA. 2010-2023

	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Por fogar	29.634	28.206	27.747	26.775	26.154	26.092	26.730	27.558	28.417	29.132	30.690	30.552	32.216	34.821
Por persoa	11.284	10.858	10.795	10.531	10.391	10.419	10.708	11.074	11.412	11.680	12.292	12.269	13.008	14.082

Datos en euros.
Fonte: INE, Enquisa de condicións de vida (ECV).

1.4.3. A poboación en risco de pobreza

A ECV tamén permite coñecer a taxa de pobreza en España. No [cadro 1.28](#) preséntanse as comunidades e cidades autónomas ordenadas de menor a maior taxa de risco de pobreza para 2023. Esta información revela que:

- Galicia atópase 0,8 puntos por baixo da media estatal (19,4% e 20,2%, respectivamente) e ocupa en 2023 unha posición intermedia entre as comunidades pola súa taxa de pobreza.
- As CC.AA. coa taxa de pobreza máis baixa en 2023 foron o País Vasco (10,2%) e Madrid (12,9%).
- No outro extremo, Ceuta (35,9%), Melilla (30,8%), Andalucía (30,5%) e Estremadura (27,6%) rexistraron as maiores taxas de pobreza.

CADRO 1.28. CLASIFICACIÓN DE MENOR A MAIOR TAXA DE POBREZA.
POR CC.AA. 2023

	Taxa
País Vasco	10,2
Madrid	12,9
Navarra	13,8
Cataluña	13,9
Aragón	15,1
Cantabria	15,2
Baleares	15,3
A Ríoxa	16,9
Castela e León	18,2
Asturias	18,6
Galicia	19,4
España	20,2
Murcia	24,2
C. Valenciana	24,3
Castela-A Mancha	25,5
Canarias	26,1
Estremadura	27,6
Andalucía	30,5
Melilla	30,8
Ceuta	35,9

Fonte: INE, Enquisa de condicións de vida (ECV).

No **cadro 1.29** preséntase a evolución da poboación en risco de pobreza de Galicia e mais España de 2008 a 2023. Neste período obsérvanse importantes flutuacións tanto en Galicia coma en España, con algúns períodos de aumento e outros de descenso. A análise da evolución deste indicador amosa que Galicia e España seguen patróns similares, pero con diferenzas nas magnitudes das flutuacións. Galicia tende a ter unha taxa de pobreza lixeiramente inferior á media nacional, aínda que ambas presentan aumentos importantes durante períodos de crises, como a crise financeira de 2008 e a pandemia de COVID-19.

Entre 2022 e 2023, Galicia experimentou un aumento na taxa de pobreza, pasando do 18,0% ao 19,4%, mentres que España viu unha diminución lixeira, pasando do 20,4% ao 20,2%.

Pola súa banda, a taxa media de pobreza de España reduciuse dende 2016 (22,3%), valor máximo da serie, ata alcanzar en 2023 o 20,2%.

A diferenza entre as dúas taxas de pobreza quedou en 0,8 puntos porcentuais en 2023. Esta fenda oscilou ao longo dos anos, cunha tendencia a reducirse, o que indica unha converxencia no indicador.

CADRO 1.29. EVOLUCIÓN DA TAXA DE POBREZA.
GALICIA E ESPAÑA. 2008-2023

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Galicia	20,9	20,6	18,1	16,1	18,3	17,2	15,4	19,4	19,0	18,7	18,8	20,0	22,1	20,2	18,0	19,4
España	19,8	20,4	20,7	20,6	20,8	20,4	22,2	22,1	22,3	21,6	21,5	20,7	21,0	21,7	20,4	20,2

Datos en porcentaxe.
Fonte: INE, Enquisa de condicións de vida (ECV).

1.4.4. Distribución da renda

Un xeito de analizar a distribución da renda é calcular os quintís dos ingresos. Para iso, ordénanse todas as persoas segundo a contía dos ingresos por unidade de consumo e, posteriormente, divídense en cinco grupos iguais. O primeiro quintil corresponde ao 20% con menores ingresos e o quinto quintil corresponde ao 20% das persoas con maiores ingresos por unidade de consumo.

No **cadro 1.30** preséntase a poboación por CC.AA. por quintil de renda por unidade de consumo no ano 2023. Da análise pódese salientar que:

- A poboación en Galicia está relativamente ben distribuída nos quintís intermedios (quintil 2 a quintil 4), cunha maior concentración en rendas intermedias (quintil 3).
- A proporción de poboación no quintil 5 (maior renda) é significativamente menor que a media española (14%, 6 puntos por debaixo da media estatal), o que indica unha menor concentración de altas rendas en Galicia. O mesmo sucede co primeiro quintil (18,9%), mentres que está por riba da media española no segundo, terceiro e cuarto quintil con 21,6%, 23,6% e 21,9%, respectivamente.
- As CC.AA. coa maior porcentaxe de poboación no quinto quintil foron o País Vasco (35,7%), Madrid (31,1%) e Navarra (29,2%).
- No primeiro quintil, as maiores porcentaxes rexistráronas as cidades autónomas de Ceuta (35,9%) e Melilla (30,8%).

CADRO 1.30. POBOACIÓN POR QUINTIL DE RENDA POR UNIDADE DE CONSUMO.
POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2023

	1º quintil (menor renda): 0-20%	2º quintil (rendas intermedias): 20-40%	3º quintil (rendas intermedias): 40-60%	4º quintil (rendas intermedias): 60-80%	5º quintil (maior renda): 80-100%
Andalucía	30,4	22,9	18,6	16,0	12,2
Aragón	15,1	17,3	22,4	24,5	20,6
Asturias	18,6	16,5	18,5	21,0	25,5
Baleares	15,4	17,8	20,6	27,7	18,6
Canarias	25,9	23,5	23,7	14,9	11,9
Cantabria	15,2	24,5	20,9	21,0	18,3
Castela León	18,0	21,1	21,0	20,9	19,0
Castela-A Mancha	25,3	25,3	21,6	16,1	11,8
Cataluña	13,8	16,9	19,1	23,9	26,3
C. Valenciana	24,0	22,0	19,5	18,4	15,8
Extremadura	26,8	27,7	21,3	14,1	10,1
Galicia	18,9	21,6	23,6	21,9	14,0
Madrid	12,5	15,6	20,1	20,7	31,1
Murcia	24,0	28,4	20,2	18,0	9,3
Navarra	13,8	9,8	18,4	28,8	29,2
País Vasco	10,1	14,1	16,9	23,3	35,7
A Ríoxa	16,6	18,8	25,0	21,4	18,0
Ceuta	35,9	13,8	12,7	12,0	25,6
Melilla	30,8	16,0	11,5	16,0	25,7
España	20,0	20,0	20,0	20,0	20,0

Fonte: INE, Enquisa de condicións de vida (ECV).

1.5. PARTICIPACIÓN DOS SALARIOS NO VEB. CUSTOS LABORAIS E SALARIAIS

Para analizar a participación dos salarios no valor engadido bruto, estúdase a relevancia das remuneracións salariais no PIB de Galicia, España e a UE. Posteriormente, preséntanse as estatísticas de custos salariais e a evolución do salario mínimo interprofesional (SMI).

1.5.1. Peso das remuneracións salariais no PIB de Galicia, España e a UE

A evolución da porcentaxe que sobre o PIB supón a remuneración da poboación asalariada para o período 2000-2022 en Galicia, España e UE recóllese no **cadro 1.31**. Anotamos os seguintes aspectos:

En 2022 a porcentaxe de remuneración da poboación asalariada de Galicia no PIB (43,3%) é menor que a estatal (47,8%). As diferenzas coa media estatal e a UE son de 4,5 e 3,5 puntos, respectivamente.

A participación das remuneracións no PIB en Galicia rexistra un descenso respecto ao ano pasado ao pasar do 45,5% en 2021 ao 43,3% en 2022, na liña do acontecido no contexto estatal.

CADRO 1.31 NA PÁXINA SEGUINTE >

CADRO 1.31. PORCENTAXE DA REMUNERACIÓN DAS PERSOAS ASALARIADAS NO PIB.
GALICIA, ESPAÑA E EUROPA. 2000-2022

	Galicia	España	UE 27
2000	45,8	48,8	47,5
2001	45,2	48,1	47,3
2002	45,2	47,8	47,3
2003	45,1	47,3	47,3
2004	44,3	47,2	46,6
2005	44,2	46,9	46,4
2006	44,5	47,0	45,9
2007	45,4	47,3	45,5
2008	46,4	49,0	46,4
2009	48,0	49,6	47,9
2010	47,1	49,1	47,3
2011	47,5	48,3	47,0
2012	46,2	46,7	47,3
2013	45,9	45,8	47,3
2014	44,9	45,9	47,2
2015	44,7	45,7	46,8
2016	44,1	45,2	47,0
2017	43,8	45,0	47,0
2018	44,0	45,4	47,3
2019	45,3	46,6	47,5
2020	47,5	50,1	48,7
2021	45,5	49,0	47,5
2022	43,3	47,8	46,8

Datos en porcentaxe.
Fonte: IGE. Estudo sobre salarios.

1.5.2. Custos laborais. Xornada laboral

O **cadro 1.32** recolle os custos laborais por CC.AA. dende unha dobre perspectiva: por persoa traballadora e mes e por hora efectiva de traballo. Os datos do cuarto trimestre de 2023 mostran unha tendencia á baixa nos custos laborais en Galicia en ambos os indicadores, unha tendencia consistente co observado a nivel nacional.

CADRO 1.32. CUSTOS LABORAIS. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS.
CUARTO TRIMESTRE DO 2023

	Custo laboral por persoa traballadora e mes		Custo laboral por hora efectiva	
	Euros	% var. ⁽¹⁾	Euros	% var. ⁽¹⁾
Andalucía	2.628	-5,0	20,6	-5,5
Aragón	2.920	-7,3	23,3	-8,3
Asturias	2.957	-4,7	24,5	-5,8
Baleares	2.939	-8,6	23,0	-8,3
Canarias	2.475	-4,4	19,2	-5,9
Cantabria	2.858	-4,2	22,9	-4,8
Castela León	2.787	-3,8	22,8	-3,4
Castela-A Mancha	2.695	-4,0	21,2	-3,8
Cataluña	3.215	-5,3	25,2	-6,5
C. Valenciana	2.677	-4,1	20,9	-7,1
Extremadura	2.479	-0,9	20,0	-3,2
Galicia	2.706	-4,1	21,1	-6,4
Madrid	3.492	-5,3	26,8	-5,6
Murcia	2.681	-3,4	21,4	-4,0
Navarra	3.302	-4,2	26,7	-4,3
País Vasco	3.565	-2,2	29,1	-3,5
A Ríoxa	2.764	-3,8	21,9	-3,4
España	2.997	-4,7	23,6	-5,7

⁽¹⁾ Sobre cuarto trimestre do ano anterior.
Fonte: INE, Enquisa trimestral de custo laboral.

No que atinxe á primeira variable, o custo laboral no cuarto trimestre de 2023 en Galicia foi 2.706 euros. Polo que respecta ao custo laboral por hora efectiva, en 2023 ascende ata os 21,1 euros. Galicia sitúase na undécima posición das CC.AA. e cidades autónomas neste ranking de custos laborais por persoa traballadora e mes.

A media estatal do custo salarial por persoa traballadora e mes a escala nacional foi de 2.359 euros en 2023 (**cadro 1.33**), un importe claramente superior ao de 2022 (2.268 euros). A desagregación deste dato por CC.AA. permite observar que o maior custo laboral atópase no País Vasco (2.712 euros) e Madrid (2.820 euros). Extremadura (1.865 euros) e Canarias (1.895 euros) pecharon a clasificación. En 2023, practicamente todas as CC.AA. recollen un aumento do custo salarial por persoa traballadora e mes, agás Extremadura (-0,1%).

CADRO 1.33. CUSTOS SALARIAIS. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS.
CUARTO TRIMESTRE DO 2023

	Custo salarial por persoa traballadora e mes		Custo salarial por hora efectiva	
	Euros	% var. ^(*)	Euros	% var. ^(*)
Andalucía	2.051	4,4	16,2	4,8
Aragón	2.383	8,8	19,2	10,0
Asturias	2.319	3,3	19,5	4,6
Baleares	2.359	6,2	18,4	5,9
Canarias	1.895	3,3	15,0	5,0
Cantabria	2.235	3,9	18,0	4,5
Castela León	2.173	2,7	17,7	2,3
Castela-A Mancha	2.089	4,0	16,4	3,7
Cataluña	2.557	4,6	20,3	6,0
C. Valenciana	2.065	3,3	16,7	6,7
Extremadura	1.865	-0,1	15,4	2,3
Galicia	2.096	2,9	16,8	5,5
Madrid	2.820	4,8	21,7	5,2
Murcia	2.069	2,3	16,6	3,0
Navarra	2.597	3,7	21,0	3,8
País Vasco	2.712	0,7	22,4	2,1
A Rioxa	2.142	3,7	16,9	3,2
España	2.359	4,0	18,7	5,1

(*) Sobre o cuarto trimestre do ano anterior.
Fonte: INE, Enquisa trimestral de custo laboral.

No **cadro 1.34** preséntase por CC.AA. a xornada laboral por persoa traballadora e mes no cuarto trimestre dende unha tripla vertente: total de persoas traballadoras, as que traballan a tempo completo e as que o fan a tempo parcial.

Para Galicia, a xornada laboral pactada en 2023 foi de 152,5 horas (en 2022 foi de 153,2 horas). Polo que respecta ao traballo a tempo completo, a cantidade foi de 169,1 horas en 2023, practicamente a mesma cifra que en 2022 (169,3 horas). Por ultimo, no relacionado coa xornada a tempo parcial, foi de 89,9 horas en 2023, 1,8 horas menos que no ano precedente (91,7 horas). Estes datos implican que Galicia ten unha xornada laboral total e a tempo completo lixeiramente superiores á media española, mentres que no caso da xornada laboral a tempo parcial é menor que a media nacional.

CADRO 1.34. XORNADA LABORAL. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS.
CUARTO TRIMESTRE DO 2023

	Xornada laboral (horas pactadas)		
	Total traballadores/as	Tempo completo	Tempo parcial
Andalucía	150,0	168,7	98,6
Aragón	151,2	168,1	85,3
Asturias	147,3	165,6	84,6
Baleares	153,6	167,8	117,2
Canarias	153,9	170,2	91,4
Cantabria	150,8	167,7	92,7
Castela León	148,7	167,6	85,3
Castela-A Mancha	151,5	167,6	91,5
Cataluña	151,7	169,2	90,0
C. Valenciana	149,3	168,6	88,6
Extremadura	145,0	167,5	83,3
Galicia	152,5	169,1	89,9
Madrid	154,0	169,1	90,9
Murcia	150,4	168,8	88,4
Navarra	149,7	166,5	89,2
País Vasco	148,1	164,2	84,1
A Rioxa	150,0	167,0	87,5
España	151,2	168,5	91,6

Fonte: INE, Enquisa trimestral de custo laboral.

O número de vacantes de postos de traballo en Galicia ao remate do ano 2023 foi 5.581 (**cadro 1.35**), o que supón un 4,0% do total (3,4% en 2022), moi por baixo das porcentaxes relativas no total español en poboación ou PIB. Este mesmo cadro permite coñecer os motivos principais de non existencia de vacantes, desagregado por CC.AA. e a nivel estatal. Entre estes, destacan claramente os relacionados coa ausencia de necesidade de contratación en Galicia (90,3%), similar á media estatal. No relacionado cos custos de contratación, a porcentaxe en Galicia (4,5%) é superior á media do conxunto do Estado (3,9%), suxerindo un custo medio de contratación máis restritivo na comunidade galega. Tamén é maior a porcentaxe de non contratacións en Galicia relacionada con outros motivos (5,2% fronte ao 3,1% de media en España).

CADRO 1.35. VACANTES OU MOTIVOS POLOS QUE NON EXISTEN.
POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. CUARTO TRIMESTRE DE 2023

	Vacantes	% en cada CC.AA. sobre total de vacantes	Motivos polos que non existen vacantes (distribución autonómica)		
			Non se necesita ningún traballador	Elevado coste de contratación	Outros
Andalucía	19.212	13,8	92,7	4,0	3,3
Aragón	4.595	3,3	93,2	3,9	2,9
Asturias	1.701	1,2	96,0	2,3	1,7
Baleares	1.438	1,0	91,7	4,1	4,2
Canarias	5.033	3,6	92,6	4,4	3,0
Cantabria	567	0,4	91,0	5,3	3,7
Castela e León	9.218	6,6	90,1	6,6	3,3
Castela-A Mancha	5.195	3,7	91,7	4,9	3,4
Cataluña	26.927	19,3	95,5	2,6	1,9
C. Valenciana	17.311	12,4	93,3	3,8	2,9
Extremadura	930	0,7	91,0	6,0	3,0
Galicia	5.581	4,0	90,3	4,5	5,2
Madrid	31.474	22,6	93,8	3,2	3,0
Murcia	1.201	0,9	90,7	7,0	2,3
Navarra	3.427	2,5	93,7	3,2	3,1
País Vasco	4.944	3,5	92,3	3,9	3,8
A Rioxa	560	0,4	91,7	4,3	4,0
Total	139.314	100,0	93,0	3,9	3,1

Fonte: INE, Enquisa trimestral de custo laboral.

1.5.3. O salario mínimo interprofesional (SMI)

O SMI a 1 de xaneiro de 2023 en España foi de 1.260 euros/mes (incluíndo a pro rata das pagas extraordinarias) fronte aos 1.167 euros de 2022. A súa contía actual en España experimentou unha importante suba nos últimos anos. Porén, o SMI en España en 2023 é o 50,2% do percibido en Luxemburgo ou o 66,0% do vixente en Irlanda (cadro 1.36).

CADRO 1.36. SALARIO MÍNIMO INTERPROFESIONAL.
ESPAÑA E OUTROS ESTADOS DA UE. 2023

	Euros/mes
Luxemburgo	2.508
Alemaña	1.997
Bélxica	1.955
Irlanda	1.910
Francia	1.747
España	1.260
Grecia	910
Portugal	887
Polonia	811

^(*) Inclúe o rateo das pagas extraordinarias.
Fonte: Eurostat.

O moi limitado incremento do SMI no trienio 2012-2014 (0,6%), contrasta co forte aumento en 2017 (8,0%) e 2018 (4,0%) e sobre todo en 2019 (22,3%), tal como reflicte o **cadro 1.37**. En 2020 subiu un 5,5%. En 2021 situouse no mesmo nivel que en 2020, en 950 euros mensuais (13.300 euros anuais repartidos en 14 pagas). En 2022 aprobouse unha nova suba ata os 1.000 euros e en 2023 ascendeu ata os 1.080 euros. En 2024 queda fixado en 1.134 euros. Entre 2017 e 2024 a suba total do SMI foi de 426,3 euros, un aumento do 60,2%.

CADRO 1.37. SALARIO MÍNIMO INTERPROFESIONAL.
ESPAÑA. 2008-2024

	€/día	€/mes	Incremento %
2008	20,0	600,0	5,2
2009	20,8	624,0	4,0
2010	21,1	633,3	1,5
2011	21,4	641,4	1,3
2012	21,4	641,4	0,0
2013	21,5	645,3	0,6
2014	21,5	645,3	0,0
2015	21,6	648,6	0,5
2016	21,8	655,2	1,0
2017	23,6	707,7	8,0
2018	24,5	735,9	4,0
2019	30,0	900,0	22,3
2020	31,7	950,0	5,6
2021	31,7	950,0	0,0
2022	33,3	1.000,0	5,3
2023	36,0	1.080,0	8,0
2024	37,8	1.134,0	5,0

Fonte: Ministerio de Empleo e Economía Social.

1.6. A VARIACIÓN DO IPC

O **cadro 1.38.a** recolle a evolución nos últimos dezasete anos das taxas de inflación de Galicia e España (taxas de variación interanuais en porcentaxe a decembro de cada ano).

Tras unha etapa ordinaria de incrementos entre 2006 e 2013, durante o bienio 2014-2015 os prezos en Galicia tiveron un comportamento extraordinario: diminuíron, para logo aumentar en 2016. En 2017 foi do 1,2%, en 2018 do 1% e en 2019 do 0,7%. En 2020, por mor da pandemia, a inflación en Galicia rexistrou unha variación negativa (-0,4%), para logo aumentar en 2021 e 2022, con taxas do 6,7% e do 6,4%, respectivamente. En 2023, a variación do IPC en Galicia foi do 3,2%.

ÍNDICE

Para España, a evolución foi, en liñas xerais, a mesma, aínda que superior nunha décima no 2020 respecto de Galicia. En 2021 cambia a tendencia e rexístrase un aumento do 6,7% en Galicia e do 6,5% en España; en 2022 a taxa a nivel nacional foi do 5,7%, sete décimas inferior á de Galicia (6,4%). En 2023, a taxa nacional foi do 3,1%, unha décima superior á de Galicia. O **cadro 1.38b** recolle a comparativa por CC.AA.

Galicia (3,2%) presenta unha inflación lixeiramente superior á media nacional (3.1%), pero inferior a outras comunidades como Canarias, Castela-A Mancha ou Baleares, entre outras. Estremadura (2,4%) rexistrou a menor variación do IPC, indicando unha menor presión inflacionaria en comparación coas outras comunidades. Pola contra, Canarias (3,8%) presenta a maior variación do IPC.

CADRO 1.38.A. PORCENTAXE DE VARIACIÓN DO IPC.
GALICIA-ESPAÑA. 2006-2023

	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Galicia	2,6	4,1	1,2	0,9	3,1	2,5	2,6	0,5	-1,0	-0,2	1,6	1,2	1,0	0,7	-0,4	6,7	6,4	3,2
España	2,7	4,2	1,4	0,8	3,0	2,4	2,9	0,3	-1,0	0,0	1,6	1,1	1,2	0,8	-0,5	6,5	5,7	3,1

Taxas de variacións interanuais en % a decembro de cada ano.
Fonte: INE, IPC.

CADRO 1.38.B. PORCENTAXE DE VARIACIÓN DO IPC.
2023

	IPC xeral
Andalucía	3,3
Aragón	2,5
Asturias	2,9
Baleares	3,3
Canarias	3,8
Cantabria	3,3
Castela León	2,8
Castela-A Mancha	3,4
Cataluña	3,2
C. Valenciana	3,3
Estremadura	2,4
Galicia	3,2
Madrid	2,7
Murcia	3
Navarra	2,9
País Vasco	3,1
A Ríoxa	3,1
Ceuta	3,3
Melilla	3,4
España	3,1

Taxas de variacións interanuais en % a decembro de cada ano.
Fonte: INE, IPC.

A inflación subxacente, que é aquela que non ten en conta a variación dos prezos dos produtos enerxéticos nin dos alimentos non elaborados, rematou en 2023 en Galicia no 4,1% (7,8% en 2022),un resultado lixeiramente superior a media nacional (3,8% en 2022). A menor variación recóllena Estremadura (3,1%) e as cidades autónomas de Ceuta e Melilla (3,3% e 3,2%, respectivamente). Nesta clasificación, Galicia é a segunda comunidade autónoma que sofre unha maior suba na inflación subxacente, só superada por Castela-A Mancha.

CADRO 1.39.A. INFLACIÓN SUBXACENTE(*).
GALICIA-ESPAÑA. 2009-2023

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Galicia	0,2	1,4	1,6	2,2	0,3	-0,1	1,0	0,9	0,8	0,8	1,1	0,4	2,1	7,8	4,1
España	0,3	1,5	1,5	2,1	0,2	0,0	0,9	1,0	0,8	0,9	1,0	0,1	2,1	7,0	3,8

(*) Índice xeral sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos.
Taxas de variacións interanuais en % a decembro de cada ano.
Fonte: INE, IPC.

CADRO 1.39.B. INFLACIÓN SUBXACENTE.
2023

	IPC xeral sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos
Andalucía	3,9
Aragón	3,3
Asturias	3,5
Baleares	4
Canarias	3,9
Cantabria	4
Castela León	3,8
Castela-A Mancha	4,3
Cataluña	4
C. Valenciana	4
Extremadura	3,1
Galicia	4,1
Madrid	3,4
Murcia	3,6
Navarra	3,5
País Vasco	3,9
A Rioxa	4
Ceuta	3,3
Melilla	3,2
España	3,8

Taxas de variacións interanuais en % a decembro de cada ano.
Fonte: INE, IPC.

A información do **cadro 1.40.a** ofrece a desagregación nos doce grupos de gasto do IPC e a súa taxa de variación entre 2009 e 2023 en Galicia. Obsérvase nel que en 2023:

- O IPC xeral experimentou unha notable baixada en 2023 comparado con 2022, caendo de 6,4% a 3,2%.
- Os alimentos e bebidas non alcohólicas continúan sendo un dos maiores contribuíntes ao IPC (7,2% de incremento), a pesar da diminución do incremento en 2023.
- Os sectores de hoteis, cafés e restaurantes, aínda que creceron con menor intensidade en 2023, mantéñense entre os máis altos (superior ao 6%).
- Os custos asociados a vivenda mostraron unha tendencia á baixa máis pronunciada en 2023 (-6,5%), sendo a única compoñente de diminución de prezos.

O **cadro 1.40b** recolle a comparativa por grupos de gasto e CC.AA. En Galicia, a evolución da inflación é similar á media estatal. Con todo, destaca a maior vixencia inflacionista en hoteis, cafés e restaurantes (6,2% en Galicia fronte a 5,5% en España), mentres que o custo da vivenda é máis baixo en Galicia cunha deflación do -6,5% fronte a unha media nacional do -5,9% que reflicte unha caída máis pronunciada nos prezos das vivendas en Galicia. Tamén se observa unha inflación menor en bebidas alcohólicas e tabaco (2,6% en Galicia fronte a 3,4% en España).

A ECONOMÍA GALEGA EN 2023

ÍNDICE

CADRO 1.40.A. IPC POR GRUPOS DE GASTO. GALICIA. 2009-2023

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
1. Alimentos e bebidas non alcohólicas	-2,0	0,5	2,7	2,5	1,5	0,1	1,4	1,0	1,4	1,4	1,2	1,8	4,8	16,2	7,2
2. Bebidas alcohólicas e tabaco	11,3	13,9	3,7	5,8	5,0	-0,4	1,2	0,9	1,8	1,6	-0,1	-0,3	1,2	8,0	2,6
3. Vestido e calzado	-0,9	0,5	0,3	0,3	0,1	0,4	0,5	0,8	0,4	0,9	0,9	0,7	0,9	1,8	1,2
4. Vivenda	0,8	7,3	7,0	6,4	0,4	-0,9	-3,2	0,8	1,7	2,4	-5,4	-0,7	27,1	-3,8	-6,5
5. Enxoval	1,0	0,7	1,6	1,2	0,5	-1,3	0,6	-0,5	-0,1	0,3	0,8	0,6	2,6	8,6	2,6
6. Sanidade	-0,7	-0,1	-2,3	11,1	1,6	-0,2	0,2	1,4	0,3	1,1	1,1	0,5	2,2	1,5	1,8
7. Transporte	4,1	9,1	4,6	2,1	1,1	-4,2	-2,8	4,7	2,4	-0,4	3,4	-4,5	10,8	4,3	4,4
8. Comunicacións	-0,3	-0,7	-1,6	-2,8	-6,6	-5,7	0,4	3,3	0,2	2,2	0,6	-4,1	-0,3	-1,9	3,1
9. Ocio e cultura	-0,6	-0,9	0,6	0,7	-0,7	-1,8	0,1	0,2	-0,6	-0,6	-0,4	-1,4	1,5	3,1	2,6
10. Ensino	2,6	2,1	3,2	4,0	1,6	1,0	0,6	1,6	1,0	1,3	1,8	1,3	1,5	-1,0	2,8
11. Hoteis, cafés e restaurantes	1,8	2,1	1,6	1,4	0,5	0,5	0,9	1,3	2,1	2,0	3,0	1,4	2,7	9,2	6,2
12. Outros	1,9	2,5	2,0	3,6	-0,1	0,7	1,4	1,6	0,0	0,8	1,0	1,2	1,3	5,5	3,9
VARIACIÓN XERAL DO IPC	0,9	3,1	2,5	2,6	0,5	-1,0	-0,2	1,6	1,2	1,0	0,7	-0,4	6,7	6,4	3,2

Taxas de variación interanuais en % a decembro de cada ano.
Fonte: INE, IPC.

CADRO 1.40.B. IPC POR GRUPOS DE GASTO.
POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2023

	1	2	3	4	5	6	7
	Alimentos e bebidas non alcohólicas	Bebidas alcohólicas e tabaco	Vestido e calzado	Vivenda	Enxoval	Sanidade	Transporte
Andalucía	7,2	3,7	1	-6,3	1,4	3,2	4,2
Aragón	6,1	3,3	0,8	-6,1	2,2	2,4	3,5
Asturias	7,1	3,7	0,9	-6,6	0,8	0,7	4,8
Baleares	7,9	2,7	-1,1	-4,7	1,7	5,3	4,1
Canarias	9,8	3,8	0,6	-3,5	1,5	3	2,3
Cantabria	7	3	1,7	-5,2	1,6	1,8	4,1
Castela León	6,8	2,8	2	-6,6	2,1	2,4	3,6
Castela-A Mancha	7,9	3,6	1,6	-7,6	2,4	2,8	4,4
Cataluña	6,9	3,8	1,3	-5,6	2,7	2,6	5,6
C. Valenciana	7,1	2,9	3,3	-6,8	1,7	2,1	4
Estremadura	7,1	3,5	0,9	-7,4	2,3	1	2
Galicia	7,2	2,6	1,2	-6,5	2,6	1,8	4,4
Madrid	7,8	3,4	2,6	-4,7	1,6	0,6	2
Murcia	7	3,9	0,2	-5,7	1,2	1,7	2,8
Navarra	7,3	3,5	1,7	-6,3	1,8	2,2	4,1
País Vasco	6,8	2,8	1,9	-6,8	2,8	2,4	4,6
A Rioxa	7,7	3,6	4	-7,5	1,3	1,7	4,3
Ceuta	6,3	2,3	-0,1	-4,5	1,2	3,5	5,7
Melilla	8	2,1	-2,9	-4,3	2,6	2,6	3,8
España	7,3	3,4	1,6	-5,9	2	2,2	3,9

	8	9	10	11	12	IPC xeral
	Comunicacións	Ocio e cultura	Ensino	Hoteis, cafés e restaurantes	Outros	
Andalucía	3,1	2,9	3	5,7	3,4	3,3
Aragón	3,2	2,9	1,8	4,8	3	2,5
Asturias	2,9	2,5	3,2	5,1	5,1	2,9
Baleares	3,4	2,3	0,7	5,4	5,2	3,3
Canarias	3,1	2,4	3,7	6,8	2,7	3,8
Cantabria	3,5	3,5	2	6,4	4,3	3,3
Castela León	3,1	2,4	0,5	6,2	3	2,8
Castela-A Mancha	3,3	2,8	3,4	6,3	4,1	3,4
Cataluña	3	3	3,9	5,3	3,9	3,2
C. Valenciana	2,8	4,1	2,1	6,1	4,2	3,3
Estremadura	2,9	2	2,9	3,3	3,5	2,4
Galicia	3,1	2,6	2,8	6,2	3,9	3,2
Madrid	3,4	3,5	3,3	4,7	3,9	2,7
Murcia	3	3,2	2,9	5,3	4,1	3
Navarra	2,7	2	3,2	5,4	3,2	2,9
País Vasco	3,2	3	2,2	5,4	4,3	3,1
A Rioxa	3	3,1	3,2	5,5	3,6	3,1
Ceuta	4	3,1	0,9	4,5	4	3,3
Melilla	2,9	2,8	1,3	6,8	3,4	3,4
España	3,1	3,1	3	5,5	3,8	3,1

Taxas de variación interanuais en % a decembro de cada ano.
Fonte: INE, IPC.

1.7. COMERCIO EXTERIOR

Cando se analiza o comercio exterior galego, podemos referirnos a tres dimensións: i) ao importe global das transaccións con orixe ou destino en Galicia (total do comercio exterior galego); ii) ás compravendas de Galicia co estranxeiro, ou o que é o mesmo, a parte correspondente a Galicia do comercio internacional español e iii) á outra parte do total do comercio exterior galego: as transaccións de Galicia coas outras CC.AA; chamáremoslle comercio galego intraestatal.

1.7.1. Comercio internacional galego

O valor das exportacións/expedicións de Galicia ao estranxeiro acadou en 2023 os 30.038,43 millóns de euros (29.886,06 millóns en 2022), mentres que as importacións foron de 20.900,06 millóns de euros (27.083,8 millóns en 2022). A diferenza foi de 9.138,37 millóns (2.802 millóns en 2022) (cadro 1.41).

Consonte co superávit nas compravendas de Galicia co estranxeiro, a taxa de cobertura para Galicia (porcentaxe do valor das exportacións sobre o das importacións) quedou moi por riba do valor 100 (equilibrio da balanza comercial). En 2023 a taxa de cobertura do comercio internacional galego ascendeu ao 143,7% ou o que é o mesmo, o valor das exportacións galegas ao estranxeiro cubriu o importe das importacións e acadou ademais un 43,7% de marxe.

A desagregación provincial nas exportacións amosa que a provincia de Pontevedra (44,8% do total galego) e a da Coruña (48,9%) volveron ser en 2023 os sólidos piares das exportacións en Galicia, xa que logo, o importe conxunto das compras do estranxeiro destas dúas provincias acadou en 2022 un 93,7% do total galego). Ourense, aínda que representa unha menor porcentaxe do total galego, amosa unha boa cobertura das súas importacións con exportacións. Lugo, pola súa banda, presenta o menor volume tanto en exportacións coma en importacións, pero mantén un saldo positivo e unha cobertura superior ao 100%.

No **cadro 1.42** preséntanse os indicadores básicos de comercio exterior para 2023 por CC.AA. As exportacións da comunidade galega representan o 7,8% das exportacións totais de España. Ademais, a taxa de variación anual das exportacións galegas foi positiva (0,5%), en contraste coa caída do 1,4% a nivel nacional. No que se refire ás importacións, as producidas pola comunidade galega representan o 4,9% das importacións totais de España. Ao contrario do acontecido coas exportacións, a caída das importacións galegas (22,8%) supera notablemente a producida a nivel nacional (7,2%).

En canto ao saldo comercial, a comunidade galega sitúase como unha das comunidades con mellor desempeño neste aspecto. A súa cobertura (143,7%) é moi superior á media nacional (90,4%), sendo indicativa dunha balanza comercial favorable onde as exportacións superan amplamente ás importacións.

CADRO 1.41. COMERCIO EXTERIOR DE GALICIA (E DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL). INDICADORES BÁSICOS.
2023

	EXPORTACIÓN				IMPORTACIÓN				SALDO	COBERT.
	Millóns €	IProv ⁽¹⁾	TVA ⁽²⁾	CProv a TVA ⁽³⁾	Millóns €	IProv ⁽¹⁾	TVA ⁽²⁾	CProv a TVA ⁽³⁾	Millóns €	%
A Coruña	13.449,36	44,77	-9,31	-4,62	10.045,05	48,06	-25,86	-12,94	3.404,31	133,89
Lugo	641,34	2,14	-15,05	-0,38	600,76	2,87	-23,24	-0,67	40,58	106,76
Ourense	1.262,46	4,20	2,92	0,12	837,75	4,01	-3,30	-0,11	424,71	150,70
Pontevedra	14.685,27	48,89	12,33	5,39	9.416,50	45,05	-20,77	-9,12	5.268,77	155,95
Galicia	30.038,43	100,00	0,51	0,51	20.900,06	100,00	-22,83	-22,83	9.138,37	143,72

⁽¹⁾ IProv: incidencia provincial na exportación/importación de Galicia (en porcentaxe).
⁽²⁾ TVA: taxa de variación interanual (respecto a igual período do ano anterior), en porcentaxe.
⁽³⁾ CProv a TVA de Galicia: contribución provincial á taxa de variación interanual rexistrada por Galicia.
Fonte: Ministerio de Economía e Competitividade, Informe anual da Dirección Territorial de Comercio en Galicia.

CADRO 1.42 NA PÁXINA SEGUINTE >

CADRO 1.42. COMERCIO EXTERIOR DE ESPAÑA. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. INDICADORES BÁSICOS.
2023

	EXPORTACIÓN				IMPORTACIÓN				SALDO	COBERT.	EXP+IMP
	Valor (mil. €)	ICom ⁽¹⁾	TVA ⁽²⁾	Ccom a TVA ⁽³⁾	Valor (mil. €)	ICom ⁽¹⁾	TVA ⁽²⁾	Ccom a TVA ⁽³⁾	Valor (mil. €)	%	Valor (mil. €)
España	383.688,6	100,0	-1,4	-1,4	424.248,8	100,0	-7,2	-7,2	-40.560,1	90,4	807.937,4
Cataluña	100.683,5	26,2	6,1	1,5	109.995,8	25,9	-1,6	-0,4	-9.312,3	91,5	210.679,3
Madrid	51.591,7	13,5	-12,7	-1,9	98.479,3	23,2	-11,0	-2,7	-46.887,6	52,4	150.071,0
Andalucía	38.536,9	10,0	-10,3	-1,1	41.295,7	9,7	-12,5	-1,3	-2.758,8	93,3	79.832,6
Valencia	38.014,1	9,9	-4,1	-0,4	34.657,4	8,2	-11,8	-1,0	3.356,7	109,7	72.671,6
País Vasco	32.639,8	8,5	0,3	0,0	26.787,1	6,3	-9,0	-0,6	5.852,7	121,9	59.426,9
Galicia	30.038,4	7,8	0,5	0,0	20.900,1	4,9	-22,8	-1,4	9.138,4	143,7	50.938,5
Aragón	17.624,6	4,6	7,3	0,3	18.575,3	4,4	26,2	0,8	-950,7	94,9	36.200,0
Castela e León	17.172,1	4,5	15,9	0,6	14.832,2	3,5	6,7	0,2	2.339,9	115,8	32.004,3
Murcia	14.020,0	3,7	-2,7	-0,1	14.887,1	3,5	-20,8	-0,9	-867,1	94,2	28.907,1
Castela-A Mancha	9.827,4	2,6	-4,3	-0,1	15.652,0	3,7	6,9	0,2	-5.824,6	62,8	25.479,4
Navarra	10.174,6	2,7	-4,9	-0,1	6.999,4	1,7	-3,9	-0,1	3.175,3	145,4	17.174,0
Asturias	6.287,0	1,6	1,8	0,0	5.511,6	1,3	-19,6	-0,3	775,4	114,1	11.798,6
Canarias	2.342,9	0,6	-28,5	-0,2	4.341,6	1,0	10,1	0,1	-1.998,7	54,0	6.684,5
Cantabria	3.359,5	0,9	-4,3	0,0	2.750,4	0,7	-10,6	-0,1	609,1	122,2	6.110,0
Non determinado	3.672,6	1,0	26,9	0,2	2.190,1	0,5	7,0	0,0	1.482,5	167,7	5.862,7
Extremadura	3.021,9	0,8	1,5	0,0	2.220,0	0,5	-3,0	0,0	801,9	136,1	5.241,9
Baleares	2.389,0	0,6	-8,3	-0,1	1.901,6	0,5	-15,7	-0,1	487,4	125,6	4.290,6
A Ríoxa	2.280,8	0,6	9,5	0,1	1.767,6	0,4	3,6	0,0	513,2	129,0	4.048,4
Ceuta	9,2	0,0	-66,8	0,0	462,7	0,1	20,2	0,0	-453,5	2,0	471,8
Melilla	2,7	0,0	-81,3	0,0	41,8	0,0	133,4	0,0	-39,2	6,4	44,5

⁽¹⁾ ICom: incidencia autonómica na exportación/importación de España (en porcentaxe).
⁽²⁾ TVA: tasa de variación interanual (respecto a igual período do ano anterior). En porcentaxe.
⁽³⁾ CCom a TVA de España: contribución autonómica á tasa de variación interanual rexistrada por España.
Fonte: Ministerio de Economía e Competitividade, Informe anual da Dirección Territorial de Comercio en Galicia.

1.7.2. Comercio galego con outras comunidades autónomas

Desafortunadamente, non contamos con estatísticas oficiais sobre comercio interrexional en España. O que si temos é a estimación global das exportacións de bens e servizos de Galicia, incluíndo o resto de España. Os datos para o período 2015-2023 aparecen recollidos no **cadro 1.43**.

As exportacións de Galicia aumentaron progresivamente ao longo dos anos, pasando de 28.219 millóns de euros en 2015 a 44.189 millóns de euros en 2023, o valor máis alto da serie. As importacións tamén creceron, aínda que cun ritmo menos pronunciado, pasando de 29.079 millóns de euros en 2015 a 39.309 millóns de euros en 2023. En correspondencia, o saldo neto de comercio exterior de Galicia, que inicialmente era negativo en 2015 con -860 millóns de euros, mellorou notablemente ao longo dos anos, ate situarse en 2023 en 4.880 millóns de euros, o valor máis alto rexistrado no período, mostrando unha balanza comercial moi favorable para a comunidade galega. Esta mellora reflicte unha crecente competitividade dos produtos e servizos galegos nos mercados internacionais.

CADRO 1.43. EXPORTACIÓNS E IMPORTACIÓNS DE BENS E SERVIZOS EN GALICIA.
2015-2023

	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Exportacións	28.219	28.815	30.519	32.900	33.230	31.432	37.267	42.730	44.189
Importacións	29.079	28.589	31.180	32.777	31.993	30.280	35.147	40.156	39.309
Saldo neto	-860	227	-661	123	1.238	1.152	2.120	2.574	4.880

Datos en millóns de euros.
Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

CGRL.GAL/ES